

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de SETEMBRO de 2013**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o vindeiro venres, 27 de setembro de 2013, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/13, do 13 de setembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 15.701 á nº 16.400, de 2013.](#)

[3.-Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas.](#)

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística**

[4.-Ratificación da resolución do 11 de setembro de 2013 de modificación do prazo de vixencia do convenio coa entidade ACLAD para as obras de adaptación do edificio existente na comunidade terapéutica “Julio Portela”, en Culleredo.](#)

[5.-Modificación da subvención e aprobación de convenio coa entidade ASPROMOR para o financiamento da segunda fase da obra de edificación dun centro de día e residencial en Ortigueira, consistente na construción dunha residencia para persoas con discapacidade intelectual adultas en 2013.](#)

[6.-Aprobación do convenio coa Universidade da Coruña para prácticas do Máster de Turismo 2013.](#)

[7.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio coa entidade Hockey Club Liceo de La Coruña, para financiar a realización das actividades do ano 2013.](#)

[8.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio coa entidade Club Basquet Coruña, para financiar o crecemento do Basquet Coruña.](#)

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

[9.-Concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o V Campus Musical no ano 2013.](#)

[10.-Concesión dunha subvención nominativa á Escudería Automovilística de Ferrol para financiar o 44º Rallye de Ferrol.](#)

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

[11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Club Deportivo Equiciclo para financiar o proxecto “Salón do Cabalo. Equiciclo 2013”.](#)

[12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2013”.](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

13.-Aprobación do ditame da Comisión de Seguimento do Teatro Colón.

14.-Aprobación da formación do convenio entre a Deputación e a Asociación Galega de Desenvolvemento Social para financiar o proxecto experimental de compostaxe doméstica.

15.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 16.564, do 12 de setembro de 2013, pola que se modifica a cláusula II do convenio suscrito entre a Deputación e o Concello de Padrón para financiar as obras de reforma da piscina cuberta municipal Fase I.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

16.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2013, 2ª fase, que se detalla: senda peonil na DP 1404 acceso ao Dolmen de Dombate PK 0+200 ao 0+690 (Cabana de Bergantiños).

17.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2013, 2ª fase, que se detalla: ampliación e mellora de trazado da DP 8001 das Cruces a Penabranca do PK 0+000 a 0+240 (Sobrado); senda peonil na DP 3301 Rianxo a Bexo por Isorna, PK 12+690 a 12+810 (Dodro); intersección da DP 3006 coas rúas Maria Ana Mogas e Lisboa (PK 1+320) (A Coruña).

18.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, 6ª fase, que se detalla: reforzo do firme nas estradas DP 1004 e DP 3204; mellora da capa de rodadura na DP 8401 A Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra entre o PK 5+400 e o PK 7+800 (Tordoia).

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

19.-Modificación da Ordenanza xeral da administración electrónica da Deputación da Coruña.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

20.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Boimorto para o financiamento das obras incluídas no proxecto "Mellora na rede municipal de abastecemento de auga".

21.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Carral para o financiamento das obras incluídas no proxecto de "Vestiaros no campo de fútbol dos Capelos".

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

22.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 31/08/2013 e proxección ao 31/12/2013.

23.-Actualización do marco financeiro e orzamentario a medio prazo e determinación do límite de gasto non financeiro para o período 2014-2016.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL

##### MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á aprobación de subvencións nominativas e á elaboración de novos plans especiais para os concellos.

-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa ás publicacións e ao uso da imprenta provincial.

-Moción do Grupo Popular sobre a modificación do texto do convenio co Concello de Noia para o financiamento da realización dos proxectos do Polígono Irmáns Labarta consistente na apertura da rúa Pintor Genaro Carrero cara á estrada de Barro

-Moción do Grupo Popular sobre a modificación do texto do convenio co Concello de Noia para o financiamento da realización dos proxectos do Polígono Irmáns Labarta consistente na urbanización exterior e apertura da rúa Pintor Genaro Carrero.

##### ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE SETEMBRO DE 2013

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de setembro de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 8/13, DO 13 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/13, do 13 de setembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 15.701 Á Nº 16.400, DE 2013.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 15.701 á nº 16.400, de 2013.

### 3.-TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 27 de setembro a composición das comisión informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG
<b>Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais</b>  17:30 h lunes Semana anterior al Pleno	Presidente: <b>Manuel Taboada Vigo</b>  Secretario: Luis J. Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Ramón Tojo Lens Manuel Rivas Caridad Antonio Pensado Plágaro Manuel Costa Carneiro	Mariano Iglesias Castro Montserrat García Chavarría Jesús Manuel Campos Díaz	Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero
<b>Cultura, Educación, Deporte e Mocidade</b>  18:00 h lunes Semana anterior al Pleno	Presidente: <b>María Elvira Padín Fernández</b>  Secretaria: Mercedes Fernández Albalat	Zaira Rodríguez Pérez Manuel Santos Ruiz Rivas Carlos López Crespo José Dafonte Varela Manuel Taboada Vigo	Matilde Begoña Rodríguez Rumbo César Longo Queijo M <sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle	Xosé Lois Piñeiro García Silvia María Seixas Naia
<b>Persoal e Réxime Interior</b>  17:30 h martes Semana anterior al Pleno	Presidente: <b>Miguel de Santiago Boullón</b>  Secretaria: Ana Marcos García	José Carlos Calvelo Martínez Ramón Tojo Lens Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García Antonio Pensado Plágaro	Julio Ignacio Iglesias Redondo Jesús Manuel Campos Díaz Antonio Leira Piñeiro	Xesús Manuel Soto Vivero Adolfo Muíños Sánchez

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG
<b>Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística</b>  18:00 martes Semana anterior al Pleno	Presidente: <b>Zaira Rodríguez Pérez</b>  Secretaria: Sagrario Liaño Pedreira	Manuel Santos Ruiz Rivas Miguel de Santiago Boullón José Dafonte Varela Carlos López Crespo Jacobo Fernández García	M <sup>a</sup> Carmen Varela Corbelle Mariano Iglesias Castro César Longo Queijo	Silvia María Seixas Noia Xosé Lois Piñeiro García
<b>Contratación, Patrimonio e Equipamento</b>  17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Carlos Enrique López Crespo</b>  Secretario: Luis J. Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Antonio Cañas Varela Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García José Dafonte Varela	Matilde Begoña Rodríguez Rumbo Julio Ignacio Iglesias Redondo Antonio Leira Piñeiro	Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero
<b>Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo</b>  18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Antonio Cañas Varela</b>  Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Antonio Pensado Plágaro Manuel Taboada Vigo Manuel Santos Ruiz Rivas Zaira Rodríguez Pérez Miguel de Santiago Boullón	César Longo Queijo Mariano Iglesias Castro Montserrat García Chavarría	Xosé Lois Piñeiro García Silvia María Seixa Naia
<b>Cooperación e Asistencia aos Concellos</b>  17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Ramón Tojo Lens</b>  Secretaria: Susana Rouco Penabad	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Toboada Vigo Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García Antonio Pensado Plágaro	Julio Ignacio Iglesias Redondo Carmen Varela Corbelle Jesús Manuel Campos Díaz	Adolfo Muíños Sánchez Xosé Lois Piñeiro García
<b>Economía, Facenda e Especial de Contas</b>  18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Manuel Santos Ruiz Rivas</b>  Secretaria: M <sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde	Zaira Rodríguez Pérez José Dafonte Varela Carlos López Crespo Manuel Costa Carneiro Miguel de Santiago Boullón	Antonio Leira Piñeiro Salvador Fernández Moreda Montserrat García Chavarría	Xesús Manuel Soto Vivero Silvia Seixas Naia



**4.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 11 DE SETEMBRO DE 2013 DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO COA ENTIDADE ACLAD PARA AS OBRAS DE ADAPTACIÓN DO EDIFICIO EXISTENTE NA COMUNIDADE TERAPÉUTICA “JULIO PORTELA”, EN CULLEREDO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento e ratificar a Resolución da Presidencia do 11 de setembro de 2013 que modifica o prazo de vixencia do convenio coa entidade ACLAD para as obras de adaptación do edificio existente na comunidade terapéutica “Julio Portela” en Culleredo, asinado o 11 de setembro de 2013.”

**5.-MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E APROBACIÓN DE CONVENIO COA ENTIDADE ASPROMOR PARA O FINANCIAMENTO DA SEGUNDA FASE DA OBRA DE EDIFICACIÓN DUN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL EN ORTIGUEIRA, CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ADULTAS EN 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación da subvención concedida á entidade ASPROMOR, que ten o NIF G-15072077, para o financiamento da SEGUNDA FASE DA OBRA DE EDIFICACIÓN DUN CENTRO DE DIA E RESIDENCIAL, CONSISTENTE NA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ADULTAS, no Paseo de Barro Soto, s/n, Ortigueira, no ano 2013, cun orzamento de 335.506,96 euros e unha achega provincial de 100.000,00 euros, o que representa a porcentaxe de financiamento do 29,806%, con cargo á partida 0701/231E/781.

Aprobar o texto do convenio de colaboración que ten o contido seguinte

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASPROMOR (ASOCIACIÓN PRO MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL) PARA O FINANCIAMENTO DA SEGUNDA FASE DA OBRA DE EDIFICACIÓN DUN CENTRO DE DIA E RESIDENCIAL EN ORTIGUEIRA, CONSISTENTE NA CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ADULTAS EN 2013**

A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. .... presidente da ENTIDADE.....

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

A Deputación Provincial da Coruña é competente para a colaboración disposta neste convenio, conforme a Lei 7/85 de bases de réxime local e a Lei 5/97 de admón. local de Galicia o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia e conforme a Lei 13/2008 de servizos sociais.

A entidade ASPROMOR é competente conforme ao disposto no art. 6 dos seus estatutos, que comprende entre a realización de actividades, as de creación de servizos residenciais.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Entidade ASPROMOR, ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas.

### **I. OBXECTO**

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ENTIDADE ASPROMOR (ASOCIACION PRO MINUSVALIDOS DE ORTEGAL), CIF G-15072077, para o financiamento da SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE EDIFICACIÓN DUN CENTRO DE DIA E RESIDENCIAL EN ORTIGUEIRA CONSISTENTE NA CONSTRUCION DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL ADULTAS, coa finalidade de prestar un servizo de vivenda para 18 persoas.

2. A entidade ASPROMOR, na súa condición de promotora da obra achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, que conta coas autorizacións preceptivas, e cos locais necesarios para a execución no centro que a entidade ten no Paseo de Barro Soto, s/n, ORTIGUEIRA.

O proxecto foi revisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor, o arquitecto don Francisco Iglesias Miño, núm. Colexiado 312, e susceptible de aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio a entidade comprométese a destinala ao uso para o que está prevista.

### **II. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

A) O presuposto da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase no anexo II do convenio e ten o seguinte detalle:.

TOTAL. P.E.M.	267.956,96 €
Gastos xerais	34.834,40 €

Beneficio industrial	16.077,42 €
IVE	66.962,44 €

Total importe proxecto: **385.831,22 €**

B) O importe do orzamento total da execución por contrata, tal e como figura no anexo I do convenio, é de **344.931,36 euros (IVE incluído)**.

C) Para os efectos do importe do orzamento subvencionado, tomarase en consideración a cantidade de **335.506,96 euros**, (IVE incluído) que é o resultado de minorar do orzamento do anexo I presentado pola empresa contratista Construcciones Mon S.L., (285.067,24 € sen IVE) as partidas seguintes:

- legalización da instalación e contratación KW coa compañía para a subministracións, por importe de 4.550,00 euros.
- Aprobación e alta de instalacións de electricidade, ventilación, calefacción, gas e documentación proxectos, taxas 3.238,76 €.

Non obstante, na xustificación deberá acreditarse que se realizaron todas as unidades de obra dispostas no proxecto técnico que figuran no anexo II do convenio.

### **III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña subvencionará o importe de **335.506,96 euros** do orzamento, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **100.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 29,806%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 29,806 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos derivados da obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/231E/781 na que a Intervención provincial acredita que existe crédito sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con

respecto ás anualidades futuras, advírteselle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a entidade ASPROMOR deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA durante a realización das obras** estará obrigada a colocar un cartel que sexa ben visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Coa presentación das xustificacións, deberáselle comunicar á Deputación o remate da obra, para que se así o estima, se coloque unha nova placa en lugar visible na que se deixe constancia da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN**

1. A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados)
  - . Copia do contrato e do expediente de contratación.
  - Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
  - Facturas expedidas polo contratista ou se é o caso polo subministrador dos equipamentos. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal

na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña

- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase subministrar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso do cartel e copia dos folletos, así como da comunicación enviada á Deputación, para colocación da placa se a Deputación o estima oportuno) e do acordo da entidade, no que se deixe constancia do compromiso da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

## VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez rematadas as obras, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicatoruna.es](http://dicatoruna.es)

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de MAIO 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro 2014**.

2.Para o caso de que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por  
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA      PRESIDENTE E ASPROMOR

DIEGO CALVO POUOSO”

## **6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PRÁCTICAS DO MÁSTER DE TURISMO 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Universidade da Coruña, NIF Q-6550005-J para o financiamento das practicas do Máster en Turismo, exercicio 2013, cunha achega da Deputación que ascende á contía de 5.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100% e que ten o contido seguinte

### **CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PROMOVER A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO MÁSTER EN TURISMO**

A Coruña, de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte o Señor D. Xosé Luis Armesto Barbeito, como Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.- Que a Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, é unha institución destinada ao servizo público da educación superior dotada de personalidade xurídica propia e cuxos estatutos contemplan, entre as súas funcións, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para creación artística.

2.- Que a Universidade da Coruña, de acordo coas súas posibilidades, trata de lle dar resposta, a través dos seus centros, departamentos e institutos, á crecente necesidade de formación de posgrao e de especialización profesional que demanda a nosa sociedade. É por iso que ten entre os seus obxectivos impartir as ensinanzas necesarias co fin de formar o estudantado e preparamo para o exercicio de actividades

profesionais e dedícalles unha especial atención ao desenvolvemento de programas específicos de docencia establecidos a partir de necesidades concretas.

3.- Que o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, recoñece xa na súa exposición de motivos, que é aconsellable dotar os estudos de posgrao da maior flexibilidade para que, no ámbito da súa autonomía, as universidades definan e desenvolvan as súas estratexias e a organización de formación especializada e investigadora.

No artigo 9.3 do citado real decreto dispón que a Universidade, por pedimento do órgano responsable do desenvolvemento do programa formativo, poderá establecer acordos de colaboración con outras institucións e organismos públicos e privados, así como as empresas ou industrias. Todas estas colaboracións deberán contar coa autorización previa da Universidade, por proposta do órgano responsable de desenvolver o programa.

4.- Que a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á formación de alumnos da Universidade da Coruña na área de Turismo e así conseguir profesionais debidamente capacitados e preparamos para a súa futura incorporación ao mercado laboral.

Por todo isto, acordan subscribir o presente acordo de colaboración, de conformidade coas seguintes.

## **CLÁUSULAS**

### **I.- OBXECTO DO CONVENIO**

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para o financiamento de DOUS alumnos matriculados no Master Oficial en Dirección e Planificación do Turismo da Universidade da Coruña para que realicen prácticas formativas na Deputación da Coruña durante DOUS meses.

### **2.Características das prácticas**

A Deputación da Coruña recibirá os estudantes da Universidade da Coruña durante un período de tempo de 270 horas e responsabilizarase da súa formación durante esta estancia. O estudantado que participe nestas prácticas levará a cabo tarefas relacionadas **coa planificación e coa xestión do Turismo** e outras que lle poidan ser encomendadas en relación co turismo.

### **3.Titores**

Por parte da Universidade da Coruña, actuará como titor académico D. Antón Álvarez Sousa, catedrático do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración da Facultade de Socioloxía, ao cal están adscritas as prácticas e a quen corresponderá:

Establecer o programa de actividades que desenvolverá cada estudante.

Seguir o programa formativo desenvolto polo estudante para verificar o seu aproveitamento correcto.

Cualificar as prácticas formativas.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña **Don Rafael Díaz-Aguado Jalón** actuará como titor do estudante durante a realización das prácticas e estaránlle encomendadas, durante este período, as tarefas de **dirección, asesoramento e coordinación** co titor da Universidade da Coruña.

#### **4.Obriga dos estudantes**

Os estudantes seleccionados para participaren nos programas de prácticas formativas externas, quedarán sometidos ao réxime establecido en cada programa, así como a cumpriren as seguintes obrigas:

Iniciar a práctica na data e coas condicións acordadas.

Realizar con dilixencia e aproveitamento a actividade en que consista a práctica, de acordo co programa e coas condicións específicas aprobadas.

Gardar con absoluto rigor o segredo profesional e non utilizar en ningún caso as informacións recollidas na Deputación da Coruña co obxecto de lle dar publicidade ou de llo comunicar a terceiros.

Non explotar aqueles traballos realizados na práctica sen autorización expresa da Deputación da Coruña nin durante o período que dure a práctica nin unha vez finalizada sen autorización expresa da Deputación da Coruña.

Presentar ante o titor da Universidade da Coruña, no prazo de 30 días, que contarán a partir da finalización destas, unha **memoria** que reflecta a actividade realizada ao longo do período de prácticas formativas.

Comunicarlle ao seu profesor-titor as incidencias que afecten ao desenvolvemento da práctica formativa.

Outras que poidan establecerse de común acordo entre as partes.

Os estudantes serán informados das obrigas e asinarán a súa conformidade con elas antes de comezaren as prácticas.

#### **5.Xestión**

Correspóndelle á Universidade da Coruña, baixo a dirección do reitor ou da persoa en quen delegue, xestionar as prácticas formativas externas dos estudantes da Universidade da Coruña.

#### **6. Certificados**

Ao finalizar o período de prácticas, a Deputación da Coruña expedirá un certificado a favor do estudante en que conste expresamente a especialidade a que estivo orientada a súa formación, as actividades realizadas, a duración do período de prácticas realizado e o seu rendemento.

Pola súa vez, a Universidade da Coruña expedirá a favor do titor que designe a Deputación da Coruña un certificado da súa colaboración durante o período da práctica.

Así mesmo, a Universidade da Coruña expedirá unha acreditación a nome da entidade pola súa colaboración.

#### **7. Natureza da relación entre o estudante e o centro de prácticas**

O obxecto deste convenio é posibilitarlles aos estudantes a realización de diversas actividades fóra das dependencias universitarias coa finalidade de completar a súa

formación. Dado este carácter formativo, a súa realización non establece relación contractual ningunha entre o estudante e a institución onde se leven a cabo, nin implica por parte da institución ningún compromiso canto á posterior incorporación dos estudantes a esta.

Así mesmo, en ningún caso e baixo ningún concepto, durante o período establecido de duración destas prácticas formativas a Deputación da Coruña poderá cubrir un posto de traballo cos estudantes que se acollan ao presente convenio.

## **8. Seguros**

A eventualidade de accidentes que lle puidesen afectar ao estudante será cuberta polo seu seguro escolar nos casos en que o dito seguro proceda e por unha póliza de seguro adicional de accidentes e responsabilidade civil que ten subscrita a Universidade da Coruña para eses efectos.

## **9. Interrupción do período de prácticas**

Calquera das partes poderá interromper as prácticas por motivo xustificado. Deberalle comunicarse esta circunstancia por escrito á outra parte no prazo máximo de 10 días, que contarán dende a súa interrupción.

En todo caso, habilitaranse todas aquelas medidas necesarias para evitar que resulten prexudicados os alumnos que se encontren realizando prácticas ao abeiro do presente convenio.

## **10. Comisión Mixta de Seguimento do Convenio**

A partir da sinatura do presente convenio, ambas as dúas partes, de común acordo, constituirán unha Comisión Mixta de Seguimento con representantes designados por elas en réxime de paridade. A dita comisión responsabilizarase da planificación, do seguimento e da avaliación das accións derivadas do convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse sempre que o solicite unha das partes e remitiralles informes e propostas aos órganos reitores de cada unha delas.

## **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA CTIVIDADE QUE HA REALIZAR A UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A Universidade da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Pago a 2 alumnos/as durante 2 meses percibindo 1.250,00 € mensuais	5.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>5.000,00€</b>

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.000 € (presuposto de dúas bolseiras), o que representa unha porcentaxe do 100 %, e cunha achega máxima de 5.000,00 € (presuposto da Universidade da Coruña en concepto de gasto) o que representa unha porcentaxe do 100 %
2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2013	0305/432A/481	5.000,00

3.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

4.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Universidade da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade da Coruña.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación farase do seguinte xeito:

- A Deputación aboará a cantidade de 1.250,00 € cada mes (dúas mensualidades) a cada un dos bolseiros o que supón un total de 5.000,00 euros (dous bolseiros por dous meses).

-A achega da Deputación seralle aboada á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da UNIVERSIDADE DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultado obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores con seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEXTA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Acreditación do cumprimento das obrigadas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

\* A cantidade que a Deputación vai pagar á Seguridade Social será descontada dos pagos que se han realizar aos bolseiros de acordo co R.D. 1493/2011, do 24 de outubro a dita cantidade será imputada á aplicación 0203/211B/16000.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez rematadas as actividades, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do CONVENIO establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste CONVENIO DE COLABORACIÓN e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a

presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, á UNIVERSIDADE DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.A Universidade da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA, poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente CONVENIO de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente CONVENIO de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade UNIVERSIDADE DA CORUÑA, serán remitidas á



Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade UNIVERSIDADE DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de CONVENIOS que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o 1 de xullo de 2013 sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de decembro do ano 2013 sempre e cando exista crédito para tal fin, no exercicio 2013.

2. Para o caso de que a UNIVERSIDADE DA CORUÑA non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do 30 de outubro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a UNIVERSIDADE DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informe da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente CONVENIO ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formado por dous representantes de cada unha das

institucións nomeado polo presidente da Deputación e o da UNIVERSIDADE DA CORUÑA respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente CONVENIO.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN A  
CORUÑA

Xosé Luis Armesto Barbeito”

Diego Calvo Pouso

## **7.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA, PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO ANO 2013.**

### INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Bo día. Como xa se me solicitou que non me ensarille moito, vou ser o máis breve posible para que estea tranquilo o Sr. deputado de Vías e Obras. Nós levamos unha moción sobre este tipo de convenios e imos manifestar que nos puntos 7, 8, 10 e 11 ímonos abster, a ver o que resulta da nosa moción, pero cremos que aquí o que se está é abrindo a porta a outras entidades deportivas, outros equipos, calquera club da provincia poida vir a esixirnos aquí á Deputación que se lle asinen convenios semellantes, como se lle están asinando neste caso ao club Liceo, ao Basket Coruña, á Escudería Automovilística de Ferrol, etc., etc. Polo tanto, nós seguimos insistindo en que, aínda que isto o fixemos tamén outros gobernos, e o siga facendo este goberno, o momento actual non ten nada que ver co que pasaba hai anos, e algún tipo de posibilidade temos de facer que as entidades concorran en igualdade e en concorrencia competitiva neste tipo de axudas económicas, polo tanto, nos puntos 7, 8, 10 e 11 ímonos abster.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Nós imos votar que si nestes dous puntos, pero queremos facer algunhas salvidades. Temos dificultades porque hai moitos clubs na provincia deportivos, que desenvolven unha magnífica actividade, que teñen escolas deportivas e que teñen escasa subvención ou teñen que ir á convocatoria xeral de subvencións. Entón, gustaríanos que no futuro, e dicímolo como norma de actuación deste Grupo Socialista no futuro, gustaríanos que no futuro se motive e se acrediten as causas que xustifican as subvencións nominativas deste tipo, a contía outorgada e

a imposibilidade ou non conveniencia en que participen nos programas xerais de convocatorias públicas. Isto estamos creando problemas porque hai moitos clubs, como dicía antes, e moitos municipios da provincia que fan unha magnífica xestión e que non teñen ningún apoio da Deputación e que se lles obriga a ir á convocatoria xeral. Polo tanto, subvencións deste tipo, con contías tan importantes que a veces temos a dúbida de se estamos financiando actividades, escolas deportivas ou estamos financiando débedas, estamos financiando perdas, gustaríanos que no futuro se motivase e xustificase doutra forma.

#### Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días, e deputadas, porque ás veces teño o mal costume de non ser capaz de facelo ben. Estase discutindo aquí o que é unhas axudas a uns clubs que eu creo que hai que poñelo no seu xusto medio, se existe canteira, e se existe base, é precisamente porque tamén existen clubs de elite, se non existiran determinados clubs onde os rapaces puideran seguir a súa traxectoria, incluso seguir e chegar ao profesionalismo, dificilmente habería simplemente deporte de base. E calquera pode comprender que determinados clubs e determinados deportes, que non son precisamente o fútbol, poden ter dificultades de subsistencia e esas dificultades de subsistencia económica farían que precisamente estes clubs, que son os que máis base e máis rapaces teñen, ao non subsistir o que estaríamos é facendo un fraco favor á base. Por iso, precisamente, ás veces fóra do que son as axudas ordinarias, que practicamente ademais levan a totalidade dos fondos deportivos da Deputación, hai que chegar a este método extraordinario que son as subvencións nominativas e buscar o interese público, e creo que o interese público de axudar a equipos como os que aquí estamos a falar, algún de tal renome que leva o nome, non só da Coruña, senón de toda Galicia por diante, como é o Liceo, non estamos a facer nada máis que axudar ao bo nome de Galicia, da provincia, pero sobre todo a dar continuidade a esa traxectoria que ten de traballar na canteira e traballar na base porque calquera pode pensar que no caso de non poder subsistir clubs da importancia dos que estamos falando, quen o vai pagar non é o xogador profesional, que encontrará un lugar e outro club e outro patrocinio seguro onde xogar, vaino pagar a provincia, o nome da provincia, pero sobre todo todos eses rapaces que están a traballar dentro do Liceo, ou que están a traballar dentro do Basquet Coruña, polo tanto creo que as razóns están máis que xustificadas para buscar esta fórmula, que é unha fórmula tamén transparente e aquí debatida, e que o que está facendo é que polos medios que ten esta Deputación seguir traballando pola base que, por certo, vai ser a través das novas ordes de subvención para deportes primaba máis do que se viña facendo ata agora, pois repito, o que estamos facendo a través destas axudas non é só poder axudar a un profesional, senón axudar a un club no que a súa base é moito máis esa base da pirámide, é moito máis ampla e máis importante incluso que os que levan o nome da Coruña por aí adiante, e volvo repetir, esas son as razóns que nos levan a ter que acudir a este tipo de axudas. Nada máis, grazas, presidente.

#### Sr. Regueira Varela

Eu teño que dicir que efectivamente é unha honra para a provincia, para as cidades que paseen os clubs, o noso nome por todo tipo de territorios, polo Estado adiante ou por onde sexa, pero eu quérolle recordar que curiosamente cando se están recortando ostensiblemente as axudas nas subvencións ordinarias, hai outros clubs,

eu veño dun concello onde temos a honra de ter moito deporte, e temos clubs de baloncesto e de balonmán competindo a nivel estatal, en todo o territorio estatal, incluso nas illas, e curiosamente un destes clubs, que para min son elite, porque traballan con nenos e nenas de Carballo, neste caso, e que ademais os seus cadros de persoal están compostas por deportistas de Carballo da Costa da Morte, resulta que no ano 2012 tiveron cero euros, polo tanto, claro, eu supoño que a honorabilidade do Liceo ou do Basquet será a mesma, cando menos, que a do Xiria de Carballo, por exemplo, ou doutro equipo calquera da provincia da Coruña. Temos que efectivamente facer un esforzo para que estes clubs non desaparezan, e eu agradezo que a Deputación siga apostando polo deporte, pero temos que apostar por todo o deporte e por todas as entidades. Moitas grazas.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas. As explicacións do Sr. Ruiz son válidas se só houbera dous clubs na provincia nestas circunstancias, pero acábo de dicir moi ben o portavoz do Bloque, o Sr. Regueira, hai multitude de clubs que teñen deportistas que saíron da canteira de deportistas, están xogando no Deportivo da Coruña catro xogadores das Pontes, 0 euros recibe da Deputación da Coruña, catrocentos nenos en escolas deportivas, e isto é o que nos preocupa. Hai multitude de clubs na provincia, o Brigantium, o Bergantiños, moitos clubs, que teñen escolas deportivas a través das cales fan exercicios, educan moitos mozos da provincia, que non reciben ningunha subvención. Polo tanto, o que estamos pedindo nosoutros, e imos votar que si a estes dous puntos, o que estamos pedindo é que se xustifique e se motive, porque entendemos que hai unha discriminación con respecto a outros clubs, que nos gustaría que tivesen tamén axudas da Deputación da Coruña. Polo tanto, pedímoslles que no futuro, esas motivacións que dicía de palabra o Sr. Manuel Ruiz, que figure no expediente, porque a min gustárame tamén no texto dos convenios, o texto do Basquet Coruña persoalmente non o entendo, para facer máis grande, para financiar o crecemento do Basquet Coruña, será para financiar escolas deportivas, actividades deportivas dos nenos, para o que se sexa, e unha actividade que se está desenvolvendo xa desde o 1 de xaneiro, tamén esixiría que fósemos máis esixentes na petición de información para que figure no convenio, para que a oposición saibamos que estamos financiando, e que se nos diga esas escolas deportivas cantos nenos atenden, en que municipio, se se fan nalgún outro municipio da provincia, e cousas desas que nos axudará tamén a tomar unha decisión máis facilmente.

Como vai haber un debate sobre o tema das subvencións nominativas que formula o Grupo do Bloque, falaremos deste tema noutro punto da orde do día.

#### Sr. presidente

Imos pasar á votación, pero simplemente aclararlles, por se non o saben, que aquelas entidades que asinan un convenio nominativo teñen que renunciar á convocatoria ordinaria, polo tanto, é unha forma de velo e que loxicamente aqueles que van por convenio deixan liberados máis fondos para poder repartir. E dúas, sabe tamén vostede, Sr. Moreda, que as sociedades anónimas non poden participar deste tipo de eventos, e hai algún profesional, sobre todo nalgún deporte, que son sociedades anónimas, e sabe vostede que non poden participar. Pero como vostede di, tamén aparece a xustificación no propio expediente os conceptos que son

subvencionables, si, si aparecen, no expediente, está aquí, o ten vostede, na comisión correspondente se tratou. De todos os xeitos, imos proceder á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha subvención nominativa ao Hockey Club Liceo de La Coruña NIF G-15075278, por importe de 65.000,00 euros, para a realización de actividades no 2013.

Aprobar a formalización do convenio de colaboración que regulará a subvención das ditas actividades que teñen un orzamento de 82.200 euros.

A achega da Deputación aboarase con cargo á partida 0601/341A/481, subordinando a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2014.

O texto do convenio de colaboración ten o contido seguinte:

#### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo de La Coruña para financiar a realización das actividades do ano 2013**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Don Eduardo Lamas Sánchez, presidente do **Hockey Club Liceo de La Coruña**

#### **MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que o **Hockey Club Liceo de La Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte do hoquei na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Club Liceo de La Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa

colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Hockey Club Liceo de La Coruña** (CIF:G15075278) para financiar a **realización das actividades do ano 2013**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O **Hockey Club Liceo de La Coruña** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Desprazamentos e competicións (viaxes, estancias, traslados)	30.000,00 €
Material deportivo (roupa, sticks, guantes, bolas, xeonlleiras,etc)	4.000,00 €
Gastos federativos (dereitos de participación)	9.000,00 €
Gastos licenzas ( federativas, seguros accidentes)	6.700,00 €
Atencións médicas (seguros médicos, outros profesionais)	2.000,00 €
Gastos xerais e de administración	4.500,00 €
Gastos categorías inferiores	3.500,00 €
Técnicos deportivos (coordinador, outros profesionais)	22.500,00 €
Total	82.200,00 €

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 65.000€, o que representa unha porcentaxe do 79,08%.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,08%, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución**

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Hockey Club Liceo de La Coruña**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Hockey Club Liceo de La Coruña** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Hockey Club Liceo de La Coruña**

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Hockey Club Liceo de La Coruña**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto (que deberán estar comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013). No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.Unha vez rematadas as actividades, o **Hockey Club Liceo de La Coruña**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, **dous meses** antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Hockey Club Liceo de La Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.



4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Hockey Club Liceo de La Coruña**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Hockey Club Liceo de La Coruña**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1.O **Hockey Club Liceo de La Coruña** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.O **Hockey Club Liceo de La Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Hockey Club Liceo de La Coruña** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Hockey Club Liceo de La Coruña** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Hockey Club Liceo de La Coruña**, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Hockey Club Liceo de La Coruña**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2014**.

2.- Logo da solicitude do **Hockey Club Liceo de La Coruña**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Hockey Club Liceo de La Coruña**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**8.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO COA ENTIDADE CLUB BÁSQUET CORUÑA, PARA FINANCIAR O CRECEMENTO DO BÁSQUET CORUÑA.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha subvención nominativa ao Club Básquet Coruña NIF G-15565054 por importe de 60.000,00 euros para financiar o crecemento do Básquet Coruña.

Aprobar a formalización do convenio de colaboración que regulará a subvención da dita actividade que ten un orzamento de 76.500 euros.

A achega da Deputación aboarase con cargo a partida 0601/341A/481, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente en 2014.

Todo isto condicionado á presentación por parte da entidade subvencionada dun plan financeiro para asegurar o seu equilibrio económico no exercicio 2013.

O texto do convenio de colaboración terá o contido seguinte

***Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Básquet Coruña para financiar o crecemento do Básquet Coruña***

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Carlos Lamora Suárez, presidente do Club Básquet Coruña

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promoven a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que o **Club Básquet Coruña** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte do baloncesto na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Básquet Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Básquet Coruña** (CIF:G15565054) para **financiar o crecemento do Básquet Coruña**

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O Club Básquet Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Dirección	7.000,00 €
Coordinación	3.000,00 €
Monitores programa baloncesto base	15.000,00 €
Monitores programa educativo e social	9.000,00 €
Seguridade Social	9.000,00 €
Gastos profesionais	6.000,00 €
Material deportivo (equipacións, balóns)	10.000,00 €
Premios	2.500,00 €
Gastos xerais	6.000,00 €
Póliza de seguros	1.000,00 €
Gastos desprazamentos e axudas de custo	8.000,00 €
Total	76.500,00 €

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60,000€, o que representa unha porcentaxe do 78,43%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

represente o 78,43%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Básquet Coruña**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Básquet Coruña**, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Básquet Coruña**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o **Club Básquet Coruña** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Básquet Coruña**.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Básquet Coruña, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do **Club Básquet Coruña**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

\*Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto (deberán estar comprendidos entre o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2013). No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\*Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

\*Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\*Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\*Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez rematadas as actividades, o **Club Básquet Coruña**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Básquet Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste

prazo adicional non eximirá ao **Club Básquet Coruña**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Básquet Coruña**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Club Básquet Coruña**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.O **Club Básquet Coruña** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.O **Club Básquet Coruña**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Básquet Coruña**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Básquet Coruña** poderá ser escollido pola



Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Básquet Coruña** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€ E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Básquet Coruña** serán remitidas á Intervención Xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Básquet Coruña**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2014**.

2.- Previa solicitude do **Club Básquet Coruña**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do **Club Básquet Coruña**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---  
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **9.-CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA FINANCIAR O V CAMPUS MUSICAL NO ANO 2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha subvención nominativa por importe de 18.000 €, para financiar o V Campus musical 2013, cun orzamento de 22.500 €

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

#### ***Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o “V Campus musical 2013”***

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Lucía Carreira Pérez, presidenta da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

#### **MANIFESTAN**

1.- A Federación Galega de Bandas de Música Populares é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1985, na que se integran 83 bandas e máis de 5.000 músicos.

2.- Esta entidade busca fomentar a cultura musical da sociedade, achegando a música das bandas a todo o público e poñendo en valor a promoción e a difusión da música popular galega.

3.- Neste contexto, a Federación Galega de Bandas de Música Populares organiza o V Campus Musical 2013, durante o mes de xullo, na cidade de Santiago de Compostela.

4.- Logo de ver os resultados do Campus Musical que tivo lugar o pasado ano coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, as dúas entidades coinciden no seu común interese de realizar este proxectos cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Bandas de Música Populares (NIF: V15110893) para financiar o “**V Campus musical 2013**”, na cidade de Santiago de Compostela do 8 ao 13 de xullo, co seguinte contido:

\* Actividades de formación dirixidas a 150 alumnos, coas seguintes especialidades: frauta, óboe, clarinete, saxofón, fagot, trompeta, trompa, trombón e bombardino, tuba, percusión, contrabaixo, violoncello e piano, dirección e composición.

\* Concertos ofrecidos por alumnos e profesores e pola Banda Sinfónica da federación.

### **II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria**

A Federación Galega de Bandas de Música Populares desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

* Profesorado	16.500,00.-
* Aloxamentos, manutención, materiais e publicidade	6.000,00.-
<b>Total</b>	<b>22.500,00 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Bandas de Música Populares obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Bandas de Música Populares, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Bandas de Música Populares unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación Galega de Bandas de Música Populares, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na o que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula

sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Bandas de Música Populares para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Bandas de Música Populares da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Bandas de Música Populares.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Bandas de Música Populares terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Federación Galega de Bandas de Música Populares destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Bandas de Música Populares deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Bandas de Música Populares queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 55<sup>a</sup>.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a



sanción imponerse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Bandas de Música Populares serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Bandas de Música Populares será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Federación Galega de Bandas de Música Populares, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **10.-CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ESCUDERÍA AUTOMOVILÍSTICA DE FERROL PARA FINANCIAR O 44º RALLYE DE FERROL.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Escudería Automovilística de Ferrol unha subvención nominativa por importe de 18.000 €, para financiar a realización do 44º Rallye de Ferrol, cun orzamento de 67.660'50 €

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol para financiar o 44º Rallye de Ferrol**

A Coruña,

### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Pedro Amado López, presidente da Escudería Automovilística de Ferrol.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a Escudería Automovilística de Ferrol é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte náutico na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística de Ferrol (NIF: G15115660) para financiar o **44º Rallye de Ferrol**.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria** A Escudería Automovilística de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Inscripción calendario 2013	5.250,00 €
Seguros	14.455,00 €
Cronometraxe enlaces radio e instalacións GPS	16.520,00 €
Vehículos "R" medicalizados	4.189,50 €
Trofeos e cerimonia	1.000,00 €
Carné de control, realización mapas , etc.,	500,00 €
Material de control (números, placas adhesivas)	8.500,00 €
Megafonía e iluminación cerimonia de saída	2.000,00 €
Material de seguridade treitos	1.000,00 €

Ambulancias medicalizadas UVI.SVB	4.300,00 €
Liñas Telefónicas	1.251,00 €
Aloxamento oficiais non residentes	4.060,00 €
Montaxe de oficinas	2.000,00 €
Combustible vehículos caravana	650,00 €
Licenzas oficiais RFEdeA	1.985,00 €
<b>Total</b>	<b>67.660,50 €</b>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **26,60 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,60 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Escudería Automovilística de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Escudería Automovilística de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Escudería Automovilística de Ferrol, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Escudería Automovilística de Ferrol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escudería Automovilística de Ferrol.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

A achega da Deputación seralle aboada á Escudería Automovilística de Ferrol unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Escudería Automovilística de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas polo menos **tres meses** antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Escudería Automovilística de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo **dun mes** contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Escudería Automovilística de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Escudería Automovilística de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Escudería Automovilística de Ferrol.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Escudería Automovilística de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao

tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**

1.- A Escudería Automovilística de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos**

1.- A Escudería Automovilística de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Escudería Automovilística de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Escudería Automovilística de Ferrol poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Escudería Automovilística de Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou,

no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Escudería Automovilística de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Escudería Automovilística de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.



4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 15 de decembro de 2013.

2.- Logo da solicitude da Escudería Automovilística de Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO PARA FINANCIAR O PROXECTO “SALÓN DO CABALO. EQUIOCIO 2013”.**

### INTERVENCÍONS

Sr. Fernández Moreda

A miña intervención vai ser moi breve para anunciar o voto negativo do Grupo Socialista a este convenio. Non vemos claro o contido deste convenio, é unha actuación que xa se celebrou entre o 27 de marzo e o 31 de marzo, e polo tanto poderíase detallar moito máis as actividades e os gastos. Parécenos demasiado excesivo, e ao mellor hai algunha razón que o explique, pero tampouco aparece no expediente, que se presenten gastos de infraestrutura de 58.025,89 euros en infraestruturas, pero este Salón de Equiocio faise no recinto feiral de Punta Arnela, supoño que terán que pagar un gasto de aluguer, e haberá uns gastos de poñer terra para os cabalos, ou area para os cabalos, pero gustaríame que estivese máis motivado, 58.000 euros, non entendemos. Tampouco entendemos, premios, trofeos e espectáculos que chegan á cantidade de 26.000 euros, que nos detallen no expediente que tipo de trofeos e espectáculos se montan que custan 26.000 euros en tres días, persoal e servizos 46.000 euros en tres días, que persoal se contrata, que remuneracións perciben, como se contrata ese persoal. En definitiva, parécenos excesivo, e como non temos claro isto, como nos gustaría que estivese máis motivado, non podemos votar en conciencia, votar que si, a este convenio nominativo, e a nosa posición vai ser negativa.

#### **VOTACION**

Votan a favor: 17 deputados (PP)  
Votan en contra: 9 deputados (PSOE)  
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, CIF G15783483, para financiar as actividades no “*Salón do cabalo. Equiocio 2013*”.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 41,816 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414B/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, CIF G15783483**, para o financiamento das actividades no “*Salón do cabalo. Equiocio 2013*”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	58.025,89 €
PREMIOS, TROFEOS E ESPECTÁCULOS	26.577,21 €
PERSOAL E SERVIZOS	45.171,96 €
XUÍCES	4.042,60 €
SECRETARÍA E PRODUCIÓNS GRÁFICAS	18.836,93 €
GASTOS VARIOS	14.321,08 €
FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL	424,33 €
<b>TOTAL</b>	<b>167.400,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 41,816%. No caso de que o gasto xustificado non acadese o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 41,816% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013.

2.Unha vez rematadas as actividades, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO para que a presente no prazo improrrogable de

QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e superará o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2014**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2014.

2. Para o caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CLUB  
DEPORTIVO EQUIOCIO”

## **12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA. ANO 2013”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE FERROL**, CIF P1503700E, para financiar as actividades no “*Plan de competitividade turística. Ano 2013*”.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 85.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432A/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE FERROL

A Coruña,

### **REUNIDOS**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Manuel Regos Boqueta, en representación do CONCELLO DE FERROL

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

## **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE FERROL, ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas.

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE FERROL, CIF P1503700E**, para o financiamento do "*Plan de competitividade turística. Ano 2013*".

### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

O CONCELLO DE FERROL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
Accións de promoción e comercialización	44.250,00 €
Folletos turísticos	18.000,00 €
Consolidación de produtos turísticos	22.000,00 €
Plan formativo sector turístico	14.000,00 €
Proxecto turismo gastronómico	8.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>106.250,00 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 85.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE FERROL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE FERROL o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE FERROL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE FERROL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE FERROL.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE FERROL, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE FERROL estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE FERROL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, terán lugar entre o 1 de xullo de 2013 ata o 31 de outubro de 2013.

2.Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE FERROL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE FERROL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE FERROL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE FERROL na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE FERROL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.O CONCELLO DE FERROL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.O CONCELLO DE FERROL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE FERROL poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade

para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE FERROL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE FERROL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE FERROL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xullo do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2013**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE FERROL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro de 2013**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE FERROL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE FERROL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por      día\_\_de \_\_de\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN              O alcalde do CONCELLO DE FERROL

DON DIEGO CALVO POUZO”

### **13.-APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO TEATRO COLÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade co establecido no apartado 20 do Prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios para a XESTIÓN DO TEATRO COLÓN NA MODALIDADE DE CONCESIÓN, aprobado polo Pleno en sesión celebrada o 24-2-2012 sendo as 10,00 horas do día 16 de setembro de 2013 reúnense os seguinte membros da Comisión.

En representación da Deputación:

-PRESIDENTE DA COMISIÓN: D. DIEGO CALVO POUZO (PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN)

-O VICEPRESIDENTE DA DEPUTACIÓN: D<sup>a</sup> MARIA ELVIRA PADIN FERNANDEZ

-O DEPUTADO PROVINCIAL EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO POPULAR: MANUEL RIVAS CARIDAD

-O DEPUTADO PROVINCIAL EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO SOCIALISTA: D. SALVADOR FERNANDEZ MOREDA

-A DEPUTADA PROVINCIAL EN REPRESENTACION DO BNG: D<sup>a</sup> SILVIA SEIXAS NAIA

-O TÉCNICO DESIGNADO POLO PRESIDENTE: D. GUILLERMO GRANDIO CHAO

-O INTERVENTOR XERAL DA DEPUTACIÓN: D. JOSE MANUEL PARDELLAS RIVERA

-O INTERVENTOR ADXUNTO DA DEPUTACIÓN: D. JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS

En representación do adxudicatario:



-D. CARLOS SEOANE BLANCO

-D. ANTONIO MARTINEZ CILLEROS

-D. MARIO VEIGA RAMIREZ

-D. DAVID MENDEZ CEPEDA

Actuando como secretario D. LUÍS JAIME RODRIGUEZ FERNANDEZ, por delegación do secretario xeral da Deputación  
Para tratar a seguinte Orde do Día:

**PRIMEIRO.**- Constitución da Comisión de Seguimento.

Os asistentes dan por constituída a Comisión

**SEGUNDO.**- Exposición da Memoria anual de xestión presentada pola UTE concesionaria

A Memoria anual de xestión apróbase por unanimidade

**TERCEIRO.**- Explicación do avance de programación para a tempada 2013-2014

O citado avance de programación apróbase por unanimidade

**CUARTO.**- Presentación das contas anuais da xestión económica: Conta de Perdas e Ganancias e Balance de Situación. Informe adscritas aos Servizos.

A Comisión queda informada do contido das contas, constatando que a UTE cumpriu coa obrigación formal de presentar as ditas contas

**QUINTO.**- Estudo e ditame sobre os escritos presentados pola UTE concesionaria relativos ao mantemento e reparación das instalacións adscritas ao Servizo.

A Comisión queda informada do informe dos técnicos da Deputación relativos ao mantemento e reparación das instalacións adscritas aos Servizos e do Inventario do Teatro Colón.

**SEXTO.**- Estudo e ditame sobre a solicitude presentada pola UTE concesionaria o día 19 de novembro de 2012 (Rexistro de entrada nº 62.644), informe conxunto de Secretaría e Intervención do 19 de marzo de 2013, escrito de alegacións da UTE do 5 de abril de 2013 (Rexistro de entrada 21945) e novo informe de Secretaría e Intervención do 24 de abril de 2013-09-16 e informe de Control financeiro do 31 de xullo de 2013.

Á vista dos antecedentes o presidente da Comisión somete a súa proposta de ditame do 2 de setembro de 2013, que contén a seguinte parte dispositiva:

**6.1.-** O incremento do tipo impositivo do IVE que grava a prestación de servizos culturais, do 8 ao 21 por 100, a partir do 1 de setembro de 2012 non é causa da ruptura do equilibrio financeiro da concesión; en consecuencia, non procede por tal

motivo o incremento da achega solicitada pola UTE CONCESIONARIA na súa oferta económica, polo que a solicitude presentada o día 19 de novembro de 2012 (Rexistro de entrada nº. 62.644 ha de ser desestimada polo órgano competente.

Así mesmo, convén aclarar que a entrega a conta que realiza mensualmente a Deputación foi incrementada con efectos do 1 de setembro de 2012, asumindo esta administración o maior gasto que supuxo o aumento do tipo impositivo xeral do IVE do 18 ao 21 por 100, manténdose así o importe íntegro da contraprestación solicitada pola UTE concesionaria na súa oferta económica.

**6.2.-** Tampouco se aprecia que concorran as circunstancias que esixe a lexislación aplicable e, especificamente, o Prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexe esta concesión administrativa, para que se poida acordar a resolución do contrato por mutuo acordo, polo que esta segunda solicitude, inserida no escrito de alegacións ao primeiro informe presentada o pasado día 5 de abril, tamén ha de ser desestimada.

**6.3.-** O resultado negativo obtido na primeira anualidade o contrato ha de ser corrixido nos exercicios sucesivos mediante a redución de gastos e/ou o incremento de ingresos da explotación, baixo o principio de risco e ventura empresarial e con plena observancia da regulación contida no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e demais normativa reguladora do contrato, así conforme a oferta vinculante presentada pola UTE CONCESIONARIA e aceptada polo órgano de contratación.

Sometida a votación esta proposta apróbase cos votos a favor dos membros da Corporación e cos votos en contra dos catro representantes da UTE.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 12,00 horas dáse por finalizada a reunión no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE,  
DIEGO CALVO POUSO

O SECRETARIO DA COMISIÓN  
LUÍS JAIME RODRIGUEZ  
FERNÁNDEZ”

#### **14.-APROBACIÓN DA FORMACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN GALEGA DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL PARA FINANCIAR O PROXECTO EXPERIMENTAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA.**

##### INTERVENCiónS

Sr. Regueira Varela

A nós gustaríanos votar xa de saída a favor deste convenio, porque estamos a favor e defendemos a compostaxe, pero antes de pronunciar o noso voto a nós gustaríanos saber quen é ou quen son, ou que veñen facendo a Asociación Galega de Desenvolvemento Social, dicímosllo de verdade, estivemos indagando por aí a ver que entidade era esta, que tipo de proxectos executou, que experiencia ten neste tipo de cuestións, e a verdade é que non sabemos absolutamente nada de nada, sabemos que hai tres persoas representantes, tres señoras, que o domicilio desta entidade está no domicilio dunha destas persoas, pero realmente pareceunos unha contía tan importante 150.000 euros nun convenio para un programa que nos parece moi

interesante, que deberíamos de coñecer algo máis desta Asociación Galega de Desenvolvemento Social porque consultadas múltiples entidades ambientalistas de Galicia ninguén sabe dicirnos ou clarificar que experiencia teñen ou que outros proxectos desenvolveron. E logo tamén un informe de Intervención fala de que parece que se vai subcontratar, incluso dá a entender que é unha campaña que ao mellor podería facerse incluso aforrando diñeiro con fondos propios, ou que a puidera executar a propia Deputación, polo tanto, a nós gustaríanos que este convenio que inicialmente estaba destinado a asinarse con Sogama e que agora se varía, que se nos clarificaran este tipo de cuestións e, sobre todo, quen é a entidade e que outros proxectos semellantes desenvolveu.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. O Grupo Socialista non pode votar a favor deste convenio porque nos suscita moitas dúbidas. Formulámolas na Comisión Informativa, non se nos aclararon aí e díxosenos que nos enviarían unha información complementaria que tampouco recibimos. Intentamos pescudar que é a Asociación Galega para o Desenvolvemento Social e que actividades desenvolveu que a acrediten para realizar esta actuación, so puidemos comprobar en internet que se creou o un de xaneiro de 2008, aínda que no texto do convenio figura outra data, que a súa sede está en Toques e que o último balance que se presentou no rexistro é do ano 2009, non conseguimos máis información desta asociación. Parécenos razoable, e recalco, parécenos razoable impulsar a compostaxe doméstica, de feito a Deputación asinou no pasado un convenio con Sogama para o seu desenvolvemento nas zonas rurais da provincia, fíxose así porque se consideraba axeitado evitar o depósito de restos orgánicos nos contedores e poder reducir a frecuencia de recollida, o que abarataba fundamentalmente o servizo cun elevado custo na zona rural pola dispersión da poboación. A experiencia con Sogama foi razoable, foi razoablemente ben, o lóxico pois, se a Deputación cre necesario manter ese apoio á compostaxe doméstica, sería continuar a colaboración con Sogama que ten xa unha ampla experiencia nese campo e a desenvolven as catro provincias galegas con moitos municipios adheridos a esa rede de compostaxe, e incluso podería a Deputación abordalo mediante un plan piloto, ou un plan propio. Sorpréndenos que no texto do convenio non se determine en que municipios se van desenvolver estas actividades e esta ausencia de información resulta máis rechamante se temos en conta que este convenio ten un período de vixencia que abrangue dende o un de xaneiro do presente ano ata novembro deste ano, co cal todo fainos supoñer que en principio tería que estar realizada ou desenvolvida a maior parte da tarefa deste convenio, desta actividade, e non entendemos por que non figura isto no convenio, que de calquera xeito tería que figurar en que municipios e que é o que se vai facer. Non nos parece nada claro, nin está xustificado este convenio na nosa opinión.

Entendemos que a Deputación aborde esta cuestión, sen dúbida é necesaria e ten efectos positivos no medio rural e nos presupostos dos concellos, pero non entendemos que non se aproveite a experiencia de Sogama, empresa pública, por outra parte, e ademais, se non se fai así o lóxico sería sacar un concurso con publicidade e concorrência, estamos a falar de 150.000 euros, que é unha cantidade importante e elixir a través dese concurso público con concorrência e con publicidade a oferta máis interesante para a Deputación. Se non se opta por esta opción, nosoutros votaríamos a favor deste convenio se viñese acreditado o interese público desta opción e se motivase adecuadamente. Tampouco se acredita no expediente por

que se opta por esta opción desta asociación, non está motivado, e por estas razóns, porque nos suscita moitas dúbidas, dúbidas que como dicía antes, formulamos na Comisión Informativa, que se quedou en que se nos ía aclarar e que se ía ampliar a información e que non se aclarou nada e non se ampliou nada, por ese motivo o noso voto ten que ser negativo, entendendo que é unha actividade que incluso merecería a pena que a Deputación a abordase cun plan propio.

#### Sr. Ruiz Rivas

A min o primeiro que me sorprende, Sr. Moreda, é que tanto lle vale na cuestión anterior votar a favor cando di “non está suficientemente motivado”, vostede debeu encontrar internamente a motivación porque coincidiu seguramente co que eu lle expuxen, porque votou a favor, polo tanto xa internamente estaba motivado sen telo que explicar, pero despois o presidente explicou claramente que si viña a motivación no expediente. Agora decide todo o contrario, aquí hai un convenio que ten que desenvolver unha serie de actuacións e, polo tanto, ese convenio só vai ter a súa virtualidade e o seu cobro se se cobren todas e cada unha das actuacións e da forma ademais que se di que se van cubrir. Polo tanto, se vostedes sobre a finalidade están totalmente de acordo, están totalmente de acordo con que a Deputación impulse iso, a min o único que me leva a dicir é que vostedes queren atopar unha vía de auga, o ariete sempre quere dar no mesmo sitio, e parece que ningún dos grupos aquí representados teñen xa memoria do pasado, do pasado recente ou do presente noutras institucións que vostedes están gobernando e, polo tanto, os únicos que non son transparentes, os únicos que aproban convenios nos que hai dúbidas parece ser esta Deputación, verémolo despois, na moción, como iso dista moito de estar preto da realidade. Pero dito iso, se estamos de acordo en todos os fins e finalidades a que se van dedicar estes cartos, e queren unha motivación de por que neste caso non o leva Sogama, é moi claro, economicamente é máis barato e máis beneficioso para esta Deputación os servizos que se prestan a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Social que eses mesmos servizos prestados por Sogama. Polo tanto, eu sei que vostedes están totalmente de acordo en que poidamos levar estes obxectivos adiante con menos cartos e que eses cartos redunden en beneficio desta Deputación provincial porque espero que vostedes o que nos estean pedindo é que non llo demos neste caso a unha solución que é máis ou menos rendible, neste caso, economicamente que a que a Deputación buscou. Así que, volvo repetir, hai un convenio, hai unhas actuacións e esas actuacións téñense que cumprir, e nada máis.

#### Sr. Regueira Varela

Eu non entendo a última intervención do portavoz do Partido Popular, sinto moito non entendela. A finalidade, efectivamente, nós compartímola, nós non podemos dar o noso apoio a unha finalidade que non sabemos se a quen se lle vai depositar a posibilidade de executala non sabemos nin quen é, nin que outros proxectos polo estilo levou a cabo, e que é moi confuso todo isto.

Nós o que propoñemos é que deixemos este punto para o vindeiro Pleno, que se nos informe convenientemente do que se nos teña que informar e a nós dános igual que un proxecto de compostaxe se é serio, se é rigoroso, o faga esta entidade ou outra entidade, nós coñecemos tamén entidades que o poderían executar e que levan moitísimos anos executando proxectos de compostaxe. O que pasa, Sr. Ruiz é que, evidentemente, as finalidades son unha cousa e quen ten que cumprir esas

finalidades son outra. Eu, segundo quen, ao meu fillo deixaríao ao coidado ou non, seguramente a finalidade sería que mo coidara, pero se vexo os antecedentes ao mellor non todas as persoas nos parecen as axeitadas. Polo tanto, a compostaxe, efectivamente, pódena facer multitude de empresas ou de entidades, pero neste caso nós non temos nin idea de onde xorde esta entidade, e vostede non nos clarificou absolutamente nada neste aspecto, se hai outros proxectos polo estilo que executaron, que se nos diga, e tampouco temos ningunha suspicacia sobre isto, simplemente queremos saber quen son, é o mínimo que debemos saber porque non é un convenio de 18.000 euros, nin de 6.000, son 150.000 euros, que hai moi poucas entidades na provincia da Coruña, pouquísimas, que teñan a posibilidade de executar un convenio de 150.000 euros.

#### Sr. Fernández Moreda

Sr. Ruiz Rivas, vostede é un opoñente serio, porque retorce os argumentos dunha forma tremenda. Mire, as explicacións que deu o presidente non me convenceron, o que pasa é que non teño capacidade de réplica, pero non me convenceron, e estiven mirando o expediente que teño aquí e non figura ningunha actuación do expediente anterior, ningunha, do punto número oito estou falando.

Segundo, nós estamos de acordo coa compostaxe, e cremos que é bo, tamén estamos de acordo coa conservación de estradas, pero non estamos de acordo na forma de contratación que utilizan vostedes, e vostede dime que se non estou de acordo coa contratación da conservación de estradas como voto a favor da contratación da conservación de estradas, claro, hai que conservar as estradas pero non con contratos sen publicidade, e sen estar motivados, porque non se xustifica por que se recorre a esa figura e por que se invita a unhas empresas e a outras non. Entón, estamos de acordo coa compostaxe, pero non estamos de acordo na forma en que se fai.

E vostede di que están claras as actuacións, onde?, dígame vostede onde se van facer porque non aparecen aquí, como non aparecen no punto número oito as actuacións que van facer no convenio que aprobamos. Que actuacións van facer?, eu non sei, que empresa é esta?, que asociación?, non o sabemos, ao mellor vostede sábeo, pero no expediente non figura absolutamente nada. E logo xa, para rizar o rizo é que comprobaron que isto era máis barato que Sogama, e onde están eses datos? para que a oposición teñamos a información para poder crear unha opinión e poder falar con coñecemento de causa. No expediente non figura acreditado que consultaron con Sogama e con outras empresas e que esta é a máis barata, para nada, e eu póño en dúbida, e non é o mesmo asignar isto a unha empresa como Sogama, que ten experiencia, que está facendo compostaxe nas catro provincias de Galicia, que hai unha rede de concellos rurais pola compostaxe, que entregarllo a unha asociación que non coñecemos.

O Sr. Regueira dixo que estivo intentando investigar quen eran, eu estiven intentando investigar quen son, que fixeron, que aval presentan para poder desenvolver isto cunha mínima garantía de éxito, fun incapaz, o único que vin foi que as contas que presentaron, as últimas, son do ano 2009, e que ten o domicilio en Toques. Estiven intentando mirar que actividades desenvolveron, non hai ningunha.

Polo tanto, non hai ningunha contradición, Sr. Ruiz Rivas, estamos a favor de que esta Deputación potencie a compostaxe, incluso lle dicimos que sería conveniente facer un plan piloto desde a propia Deputación, ou un plan de compostaxe para os municipios rurais da provincia, porque é bo, porque abarata custos aos concellos que teñen uns custos de recollida que son importantes pola dispersión da poboación, porque evitamos que alimentos orgánicos, e lixo orgánico, residuos orgánicos, se depositen e fermenten, por moitas razóns, nos depósitos que hai para a recollida de lixo, pero non nos parece axeitada a forma que elixiron, e eu pídolles agora formalmente no Pleno da Deputación que nos digan os estudos que o avalan para poder afirmar, como vostede afirmou, que é máis barata esta opción que a de Sogama.

#### Sr. Ruiz Rivas

Agora entendo moito menos ao Sr. Moreda. Vostede non me entende a min, pero imos ver, non lle convenceron as miñas explicacións, non lle convenceron as miñas motivacións, non as encontra no expediente, e votou a favor, entón eu xa non me explico nada do punto oito, agora vota en contra coa mesma argumentación, claro, entón si que un ten que preocuparse da forma en que vostedes repartían ou non repartían todos os cartos en calquera tipo de subvencións cando estiveron gobernando, porque tanto lle vale unha cousa como lle vale a contraria. Nos expedientes aparecen o que ten que aparecer, é dicir, cando aparece o prezo será unha subhasta, nun concurso, cada expediente ten que aparecer a súa cuestión. Nun expediente como é o que nos ocupa, ten que aparecer a motivación, o interese público, ten que aparecer..... home, estamos ou non de acordo todo o mundo no interese público que ten a compostaxe, que ten a publicidade deste compostaxe, de achegalo ao medio rural, de que os nosos concellos e as persoas abaraten o servizo ou poidan abaratar o servizo de recollida de lixo porque ao xerar menos volume, menos quilos pódese abaratar e á parte estamos facendo unha cuestión ambientalmente máis aconsellable que levalo a Sogama ou a calquera outro medio, estamos todos de acordo? Pois xa temos o interese social garantido. Temos un convenio no que se dan unha serie de actuacións e finalidades nas que todos estamos de acordo?, si, e estamos todos de acordo que se non se cumpre este convenio, esas actuacións, esas actividades, esas finalidades non se cobran?, si, pero non sei onde teñen vostedes a dúbida, volvo repetir, a min paréceme que vostedes colleron o ariete e dixeron, todo o rato ímoslle dar a ese furado, está moi duro, porque cada vez que vexan vostedes verán que sobre ese costado do noso barco, o que temos agora temos moito máis ao que tiñamos cando recollemos esta Deputación no ano 2011, temos moito máis cemento aí, e moitos máis argumentos para que, por moito que dean, está claramente demostrado o interese social e a transparencia de cada unha das actuacións que ten esta Corporación provincial. Así que a quen non convencen vostedes é ao voceiro deste Grupo e, polo tanto, non convence a este Grupo que seguirá mantendo a postura que tiña que é a de votar a favor deste convenio, que é o que queren os veciños e os concellos desta provincia.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio entre a Deputación da Coruña e a ENTIDADE ASOCIACION GALEGA DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL AGADES para financiar o PROXECTO EXPERIMENTAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA, cun orzamento de 170.000,01€ e unha achega provincial de 150.00,00€ o que supón unha porcentaxe de financiamento de 88,23% con cargo á aplicación 0202/162A/45390.

A entidade deberá executar o obxecto do convenio conforme as seguintes condicións:

O artigo 29 da Lei 38/2003, xeral de subvencións sinala que o límite para subcontratar non poderá exceder do 50 por cento da actividade subvencionada.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade financeira, nin calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003.

A contratación do resto das actividades deberá realizarse con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Dado que o importe da subvención provincial é superior ao 80 por 100 do custo total de actividade e ascende a un importe superior a 60.000,00€, resulta de aplicación o disposto na base 49.5 das de execución do vixente orzamento, cuxo teor literal é o seguinte:

“...a contratación oportuna realizarase mediante a convocatoria pública e conforme a un único criterio (o prezo) ou multiplicidade de criterios obxectivos adecuadamente ponderado, coa participación dun funcionario provincial, designado pola Presidencia da Corporación que formará parte da Comisión Técnica que avalíe as ofertas dos licitadores. Tamén poderán utilizarse os criterios de procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia”.

Transcríbese literalmente o texto do convenio

Número /2013

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN GALEGA DE DESENVOLVEMENTO SOCIAL AGADES PARA DESENVOLVER O PROXECTO EXPERIMENTAL DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

#### **Reunidos**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra, Presidenta da Asociación Galega de Desenvolvemento Social AGADES, D<sup>a</sup> María José Lago Pais

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

1º **A Asociación galega de Desenvolvemento Social AGADES** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída o 22 de maio de 2009 ao abeiro da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación

2º Entre os fins da asociación figuran os seguintes:

- A xestión de servizos e recursos que dean protección, atención e asistencia integral a distintos colectivos, así como recursos sociais de saúde, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, turísticos e ambientais
- A organización de actividades culturais e docentes, relacionadas con aspectos estratéxicos do desenvolvemento galego
- A creación, publicación, edición e distribución de todo tipo de material gráfico audiovisual
- Para o cumprimento destas fins a asociación realiza cursos, mostras, publicacións, así como calquera outra actividade axeitada para o efecto
- A Asociación Galega de Desenvolvemento Social prevé o desenvolvemento do proxecto experimental de compostaxe doméstica: promoción, difusión, implantación, cos seguintes obxectivos:
  - Dar cumprimento ao establecido no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 que establece como primeiro chanzo na xerarquía de opción a xestión por medio da compostaxe da fracción orgánica dos residuos urbanos
  - Concienciar a poboación en relación á necesidade de reducir o volume de residuos, sensibilizala sobre os beneficios ambientais do emprego da técnica de compostaxe doméstica a capacitala para a elaboración de compostaxe a esta escala
  - Favorecer a redución dos custes económicos e ambientais derivados da obtención dun fertilizante natural de destacado valor agronómico, entre eles o aforro en fertilizantes químicos, o emprego como substrato ou a mellora das propiedades químicas e bioquímicas do solo

Polo exposto,

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas.

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL AGADES **G-70212980** para o financiamento do **Proxecto experimental de compostaxe doméstica: promoción, difusión**, implantación no que se inclúen as seguintes actuacións:

- Deseño e posta en marcha dunha campaña de sensibilización



- Adquisición de 800 composteiros
- Desenvolvemento dunha campaña publicitaria e de sensibilización social
- Inscripción de participantes
- Formación de mestres composteiros e persoas participantes
- Elaboración e xestión de páxina web
- Seguimento do proxecto e análise do compostaxe
- Informe final

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento

TOTAL PERSOAL			30.550,00 €
CONTRATO	TAREAS	Nº CONTRATOS	IMPORTE
Persoal contratado	Docencia para a impartición de 20 charlas da campaña de sensibilización	3 docentes	2.006,67 €,
			2.006,67 €,
			2.006,67 €,
Persoal contratado	-Tarefas de apoio á inscrición de participantes (Xestión e análise das características dos fogares que soliciten a participación no proxecto e posterior selección de fogares participantes e elaboración, deseño e distribución de formularios de inscrición da poboación interesada na participación no proxecto  Tarefas de apoio ao deseño, posta en marcha coordinación e seguimento da campaña.	1 docente	9.255,00 €,
Asistencia técnica (contratación a unha empresa)	Deseño, posta en marcha e coordinación da campaña	1	15.275,00 €
<b>ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO ( 800 COMPOSTEIROS)</b>			<b>52.030,00 €</b>
<b>PROVISIÓN DE SERVIZOS E ADQUISICIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE</b>			<b>87.420,00 €</b>
PROVISIÓN DE SERVIZO E ADQUISICIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE	Desenvolvemento campaña publicitaria		12.510,00 €
	Adquisición de material para entregar a participantes nas charlas previstas na campaña de sensibilización social		4830,00 €
	Desenvolvemento do servizo de formación de mestres composteiros e persoas participantes		26.850,00 €
	Elaboración e xestión da páxina web		8.440,00 €
	Desenvolvemento do seguimento do proxecto e análise da compostaxe		17.980,00 €

	Elaboración de informe final	16.810,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>170.000,01 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 150.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 88,23% No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 88,23% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, creditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/162A/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os Pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

3.No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalfe as ofertas dos licitadores.

4.No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA**.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **ENTIDADE BENEFICIARIA** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **ENTIDADE BENEFICIARIA** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00<sup>0€</sup>, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración manterá a súa vixencia ata o **30 de novembro de 2013**, tendo **efecto retroactivo** dende o **1 de xaneiro de 2013**

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES nin adquirida a subministración e presentada a xustificación antes do día 1 de outubro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_. E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE da Deputación Provincial da Coruña      A PRESIDENTA da Asociación Galega de Desenvolvemento Social

(AGADES)

D. Diego Calvo Pouso

D<sup>a</sup> Maria José Lago País”

#### **15.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 16.564, DO 12 DE SETEMBRO DE 2013, POLA QUE SE MODIFICA A CLÁUSULA II DO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PADRÓN PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REFORMA DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL FASE I.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificación da Resolución de Presidencia 16564 do 12 de setembro de 2013 pola que se modifica a cláusula II do convenio suscrito ente a Deputación e o Concello de Padrón para financiar as obras da reforma da piscina cuberta municipal fase I que literalmente se transcribe

DON DIEGO CALVO POUZO, presidente desta Corporación

Visto o acordo do Pleno de 21 de xullo de 2103 no que se aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Padrón para financiar as OBRAS DE REFORMA DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL FASE I cunha achega provincial 222.700,00€

#### **RESOLVO**

1º- MODIFICAR a cláusula II do convenio suscrito entre esta Deputación provincial e o Concello de Padrón para financiar as obras incluídas no proxecto de REFORMA DA

PISCINA MUNICIPAL FASE I APROBADO POLO Pleno da Deputación en sesión celebrada o 21 de xullo de 2013 e formalizado o 7 de agosto de 2013, quedando redactada do seguinte modo:

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

PEM.....	162.205,78 euros
GASTOS XERAIS.....	21.216,74 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL.....	9.792,35 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.....	40.785,12 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCION POR CONTRATA.....	235.000,00 euros

Tendo en conta que no devandito orzamento inclúense as seguintes unidades de obra que non son subvencionables:

Documentación e legalización	204,00 euros
Legalización e posta en marcha da instalación eléctrica	1.020,00 euros

O orzamento subvencionable ascende á cantidade de 233.237,55 euros que se financiarán na forma prevista na cláusula seguinte”.

2º.- FORMALIZAR a citada modificación en documento administrativo.

3º. DAR CONTA desta Resolución ao Pleno da Corporación provincial  
*A Coruña, 12 de setembro de 2013”*

### **16.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2013, 2ª FASE, QUE SE DETALLA: SENDA PEONIL NA DP 1404 ACCESO AO DOLMEN DE DOMBATE PK 0+200 AO 0+690 (CABANA DE BERGANTIÑOS).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2013, 2ª FASE cun orzamento total de 97.178,44.- euros, con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
SENDA PEONIL NA DP 1404 ACCESO AO DOLMEN DE DOMBATE PK 0+200 A 0+690 (CABANA DE BERGANTIÑOS) – 1311700002.0	97.178,44

- 2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

### **17.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 2ª FASE, QUE SE DETALLA: AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 8001 DAS CRUCES A PENABRANCA DO PK 0+000 A 0+240 (SOBRADO); SENDA PEONIL NA DP 3301**



**RIANXO A BEXO POR ISORNA, PK 12+690 A 12+810 (DODRO); INTERSECCIÓN DA DP 3006 COAS RÚAS MARIA ANA MOGAS E LISBOA (PK 1+320) (A CORUÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de VIAS PROVINCIAIS 2013, 2ª FASE cun orzamento total de 231.022,08.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

CODIGO	ORZAMENTO	DENOMINACIÓN	CONCELLO
1311100002.0	157049,59	AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA DP 8001 DAS CRUCES A PENABRANCA DO PK 0+000 A 0+240	SOBRADO
1311100003.0	33797,07	SENDA PEONIL NA DP 3301 RIANXO A BEXO POR ISORNA, PK 12+690 A 12+810	DODRO
1311100004.0	40175,42	INTERSECCION DA DP 3006 COAS RÚAS MARIA ANA MOGAS E LISBOA (PK 1+320)	A CORUÑA
TOTAL	231022,08		

2)Expor ao público os proxectos mediante un anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**18.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 6ª FASE, QUE SE DETALLA: REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS DP 1004 E DP 3204; MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA DP 8401 A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA ENTRE O PK 5+400 E O PK 7+800 (TORDOIA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VIAS PROVINCIAIS 2013, 6ª FASE cun orzamento total de 313.604,35.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

CODIGO	ORZAMENTO	DENOMINACIÓN	CONCELLO
1311000041.0	103339,71	REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS DP 1004 E DP 3204	PROVINCIA
1311000042.0	210264,64	MELLORA DE CAPA DE RODAXE NA DP 8401 A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA ENTE O PK 5+400 E O PK 7+800	TORDOIA
TOTAL	313604,35		

2)Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

**19.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

## INTERVENCIONES

### Sr. Regueira Varela

Da ordenanza preocupápanos, xa o adiantamos, que se abra a porta a que por Resolución de Presidencia, simplemente, se obrigue ás entidades asociativas desta provincia a facer calquera procedemento de tramitación por vía dixital. Nós entendemos que hai moito camiño aínda por recorrer para alfabetizar dixitalmente dunha maneira seria á nosa sociedade, tamén ao tecido asociativo, e polo tanto o que pedimos é que, a pesar de que votemos hoxe a favor, eu espero, ou entendo que pode haber unanimidade neste punto, que nas bases se conceda unha moratoria e que a Deputación tamén faga un esforzo en alfabetizar ás entidades e en instruílas no manexo da administración dixital, que se faga expresamente nas bases unha moratoria a que neste vindeiro ano se poidan presentar ordinariamente con papel, porque se non o que imos facer é pecharlle a porta a multitude de entidades que non van solicitar subvención.

### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, dicir que imos votar tamén que si a este punto, pero facemos tamén a chamada que fai o Sr. representante do Bloque. É indubidable que a administración telemática hai que impoñela, e de feito hai uns días unha proposición non de lei se presentou e foi apoiada por todos os grupos políticos no Parlamento español para que se acelerase dende o Goberno a tramitación telemática de todos os expedientes na administración. Esta Deputación está facendo un esforzo para implantar a administración telemática, está facendo un esforzo para axudar ás asociacións da provincia en contabilidade, en presentación de contas, a facer as cousas ben. Con este punto o único que estamos dicindo é que na próxima convocatoria se decida que pasos desa tramitación se teñen que presentar de forma telemática, desde o Grupo Socialista, creo que o expresamos tamén na Comisión, pediríamos que se hai algunha agrupación, ou algunha asociación, que necesita algún tipo de apoio porque non sabe utilizar estes novos instrumentos, que se lles dea, que se lle busque unha forma de apoiar ás asociacións distintas, sen ánimo de lucro, que hai na provincia, para que poidan presentar, é dicir, que o feito de que se esixa unha presentación telemática non exclúa a ninguén de presentar unha presentación porque non sabe, que haxa un apoio da Deputación para que poidan presentalos. E se me permite, que estou no uso da palabra, aproveitando que o Pisuega pasa por Valladolid, dicirlle que o que hai que acreditar non é o interese público do servizo, o que hai que acreditar é o interese público da prestación dese servizo, que é o que non estaba acreditado.

### Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Eu creo que o que non podemos é mirar cara atrás, a era dixital empeza xa a levar moito tempo como para que aínda nos formulemos dúbidas de que facelo neste tipo de cuestións poida xerar máis problemas dos que realmente vai xerar, eu creo que máis difícil foi entrar no euro, e soubémolo facer. Polo tanto, o ano pasado tamén ocorreron esas mesmas dúbidas que aquí se presentaban cos concellos e non tivemos practicamente ningunha incidencia con ningún concello, e cos que se tivo practicamente eran aqueles cos que todos, se

fixeramos unha enquisa, diríamos, “os concellos que non van ter ningún problema son este, este e este”. Polo tanto, aquelas dúbidas que tiñamos e que seguimos tendo eu creo que non están suficientemente fundadas. Eu non sei se será ou non o momento xa de facer toda a sinatura dixital completamente ou se haberá ou non que dar esa moratoria. Eu creo que si, que están preparados, de todos xeitos haberá que velo sondando precisamente esa posibilidade, pero que eu creo que a ninguén lle cabe a menor dúbida son as vantaxes que vai ter. Eu creo que, primeiro, se simplifica moito ese proceso, hai unha maior transparencia, calquera desas asociacións vai saber en todo momento onde está o seu expediente, que está ocorrendo co seu expediente, mellora tamén o proceso de asistencia na súa presentación, corrixe erros, corrixe tamén os erros que se poidan dar nesta casa ao ter que transmitir os datos que teñen nun papel impreso ao propio sistema informático. Polo tanto, eu creo que, se a iso unimos o aforro que vai ter para as propias asociacións no seu desprazamento cara aos rexistros ou para outro tipo de cuestións que agora si o teñen que facer para tramitar as súas solicitudes, eu creo que as vantaxes son tales que creo que é hora de que pensemos que a nosa sociedade e o apoio que pode dar esta Deputación e os concellos, estamos todos suficientemente preparados como para entrar nesta nova era telemática. Eu creo sinceramente que a experiencia cos concellos do ano pasado pódese dicir que foi un éxito, e estou seguro que se o Sr. presidente decide que a sinatura dixital sexa o único método, tamén sería un éxito. De todas as formas, creo que é importante sondar se estamos xa verdadeiramente capacitados para facelo. Nada máis, moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Imos proceder á votación, é certo que agradezo o voto afirmativo dos tres grupos, o que pasa é que non se pode dicir unha cousa e máis a contraria. Eu creo que nalgún momento hai que dar un paso adiante, deuse o ano pasado cos concellos e cando se podía prever que podía haber algún problema, finalmente non os houbo porque o aceptaron bastante ben, e tamén é certo que dende hai moitos anos as entidades que traballan coa Deputación as esixencias cada vez son maiores, xa non existen aquelas entidades, ou polo menos traballando coa Deputación dende hai anos, que non sabían entregar ou cubrir os papeis, afortunadamente a día de hoxe as esixencias que se lle piden dende a propia Administración son cada vez maiores, e neste sentido facilitaríaa, como vostedes estou seguro que comparten, moitísimo o traballo administrativo e técnico da propia casa, á parte de ter un seguimento máis puntual por parte dos interesados. De todos os xeitos, como saben, tamén hai cursos de formación que se dan polas distintas comarcas intentando axudar ás entidades, que saiban cales son as esixencias que cada vez se teñen, e neste sentido van seguir, Sr. Moreda, non se preocupe, e se hai algún problema con algunha entidade, estou seguro que os servizos da casa vanlle axudar a solucionar calquera problema, e se finalmente se adopta esa decisión, faremos a oportuna publicidade nos medios de comunicación para que lles dea tempo suficiente de poder sacar os certificados, ou preguntar as dúbidas que teñen, pero agradezo, como dixeran, o seu voto a favor.

#### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Xeral de Administración Electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cambiando a numeración do artigo

66 a 66 bis, e introducindo un novo artigo 66, coa redacción que se transcribe no anexo ao presente acordo.

2.Someter o presente acordo a información pública e audiencia aos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

3.Entender definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións dentro do prazo establecido.

4.Publicar o texto definitivo no BOP, unha vez que se produza a aprobación definitiva.

ANEXO 1: Modificación da Ordenanza Xeral de Administración Electrónica.

Articulo 66. Obrigatoriedade da comunicación a través de medios electrónicos.

1.- A obrigatoriedade de comunicarse por medios electrónicos cos órganos da administración local ou os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, nos supostos dispostos no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, poderá establecerse mediante a resolución de Presidencia ou acordo plenario. Esta obrigaón pode comprender, no seu caso, a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos que se especifiquen, así como a necesaria utilización dos rexistros electrónicos que se especifiquen.

2.- No acordo que estableza a dita comunicación especificaranse as comunicacións ás que aplique, o medio electrónico que se trate e os suxeitos obrigados. O devandito acordo deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia.

3.- Se existe a obrigaón de comunicación a través de medios electrónicos e non se utilizan os devanditos medios, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda, advertindo que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.”

## **20.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO “MELLORA NA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Boimorto para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA NA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 50.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/161A/76201, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORA NA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

A Coruña,

### **Reunidos**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde-Presidente do Concello de BOIMORTO, D. José Ignacio Portos Vázquez

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BOIMORTO ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

#### **I.- OBXECTO**

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BOIMORTO con CIF P1501000B para o financiamento da obra de **MELLORA NA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por ANGEL DELGADO CID.

2- O Concello de BOIMORTO, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BOIMORTO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

#### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M:	34.724,63 euros
Gastos xerais 13,00%	4.514,20 euros
Beneficio industrial 6,00 %	2.083,48 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.677,69 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	50.000,00 euros

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000 euros** o que representa unha porcentaxe do 80%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/161A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de BOIMORTO de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para esta finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BOIMORTO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de BOIMORTO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de BOIMORTO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BOIMORTO estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BOIMORTO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
  
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de BOIMORTO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de BOIMORTO** na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o **Concello de BOIMORTO** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de BOIMORTO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao



Concello de BOIMORTO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de BOIMORTO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.O Concello de BOIMORTO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.O Concello de BOIMORTO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de BOIMORTO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BOIMORTO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chega a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E **se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle esta información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BOIMORTO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014**, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que o Concello de BOIMORTO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de BOIMORTO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes previos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BOIMORTO respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE BOIMORTO

DIEGO CALVO POUSO

JOSE IGNACIO PORTOS VAZQUEZ “

**21.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CARRAL PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE “VESTIARIOS NO CAMPO DE FÚTBOL DOS CAPELOS”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carral para financiar as obras incluídas no proxecto de VESTIARIOS NO CAMPO DE FUTBOL DOS CAPELOS cunha achega de 117.164 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00%) sobre un orzamento subvencionable de 117.164,01 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/762.01, e cuxo texto figura como anexo.

ANEXO:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL “OS CAPELOS”**

A Coruña,

**Reunidos**

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de CARRAL, D.José Luis Fernández Mouriño

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CARRAL ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

### I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CARRAL co CIF P1502100I para o financiamento da obra de **VESTIARIOS CAMPO DE FUTBOL “OS CAPELOS”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por PORTELA, VARELA, PUENTE ARQUITECTOS S.L.P.

2- O Concello de CARRAL, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CARRAL, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M: _____	81.369,55 euros
Gastos xerais 13,00% _____	10.578,04 euros
Beneficio Industrial 6,00 % _____	4.882,17 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____	20.334,25 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____	117.164,01 euros

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **117.164 euros** o que representa unha porcentaxe do 100,00%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0202/342A/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de CARRAL de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CARRAL o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de CARRAL axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CARRAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CARRAL estará obrigado a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CARRAL pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens do Concello de CARRAL, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Concello de CARRAL** na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o **Concello de CARRAL** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de CARRAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CARRAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de CARRAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.O Concello de CARRAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.



3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.O Concello de CARRAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de CARRAL poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CARRAL queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o **atraso na realización das obras** implicará unha sanción dun 10 por

100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso **non excede de tres meses**. Se o **atraso na realización das obras-actividade excede de tres meses**, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E **se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes**, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. **Se excede dun mes e non chega a tres**, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. **E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses**, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5.Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario o terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a súa identificación serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **11 de novembro de 2014, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente**.

2.Para o caso de que o Concello de CARRAL non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 11 de setembro** de 2014, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo

pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CARRAL perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CARRAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA CONCELLO DE CARRAL

DIEGO CALVO POUZO”

“.

#### **22.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA AO 31/08/2013 E PROXECCIÓN AO 31/12/2013.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/08/2013 e proxección a 31/12/2013.”

### **23.-ACTUALIZACIÓN DO MARCO FINANCEIRO E ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO E DETERMINACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O PERÍODO 2014-2016.**

#### **VOTACION**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“**PRIMEIRO:** Aprobar o límite do gasto non financeiro e total dos exercicios 2014 a 2016:

<b>Exercicio</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
GNF	147.901.117,16	150.138.589,17	152.991.222,36
<b>Gasto total</b>	<b>157.600.560,47</b>	<b>159.248.093,54</b>	<b>161.653.938,69</b>

**SEGUNDO:** Aprobar os obxectivos da débeda pública provincial expresados:

<b>Exercicio</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
Débeda con E. Finan. a final de ano s/previsión inicial	32.718.318,54	24.721.402,71	18.663.208,53
Débeda con E. Finan. a final de ano s/previsión axustada	32.718.318,54	24.721.402,71	17.171.396,25
Amortización anticipada	0,00	0,00	1.491.812,28
Débeda p/PIE^08	7.871.759,53	6.887.789,65	5.903.819,77
Débeda p/PIE^09	33.358.963,80	29.189.093,28	25.019.222,76
<b>DÉBEDA TOTAL</b>	<b>73.949.041,87</b>	<b>60.798.285,64</b>	<b>48.094.438,78</b>
% Débeda financeira/ ingresos correntes	20,86%	15,60%	10,67%

**TERCEIRO:** Revisar o escenario orzamentario e financeiro a medio prazo, os límites de gasto non financeiro e total, e os obxectivos de débeda pública provincial unha vez se dispoña dunha proxección razoablemente precisa da liquidación do orzamento de 2013, se teña coñecemento das previsións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre os ingresos procedentes do Estado en concepto de impostos cedidos e fondo complementario de financiamento para o exercicio 2014 ou se actualice novamente o programa de estabilidade do Reino de España. 2013-2016, elaborado polo Ministerio de Economía.”

#### ACTUACIÓN DE CONTROL

#### MOCIÓNS

**-MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á APROBACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E Á ELABORACIÓN DE NOVOS PLANS ESPECIAIS PARA OS CONCELLOS.**

#### INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Para evitar que isto se converta en “e ti máis”, nun patio de colexio, e tampouco nós non temos sempre preparados os retrovisores para facer exposicións, vou obviar un momento a exposición de motivos que temos reflectida, aínda que me referirei a ela máis adiante, para dicir algo que vimos dicindo con certa frecuencia neste salón de plenos. O ano 2013, e o ano 2012, e o ano 2011, non ten nada que ver co 2003, 2004, e as forzas políticas, e nós tamén, cando participamos no Goberno desta administración pública asinamos convenios, iso está claro. Estamos vivindo un momento especialmente duro para os concellos, para as administracións, para as entidades de todo tipo, e eu creo que o que queremos é abrir a oportunidade de que os grupos políticos, os que teñen agora a responsabilidade de gobernar esta administración, e tamén os que ao mellor, eu espero que si, a teñamos no futuro, abordemos un tema que a min paréceme preocupante, e o tema xa o temos destacado neste salón de plenos con anterioridade, e hoxe mesmo, é o tema das subvencións nominativas, unha figura que ten que ser totalmente excepcional e que podemos ver a orde do día de hoxe, se converteu nunha figura ordinaria.

É curioso, eu agardaba hoxe, ao mellor son un pouco iluso, eu recoñezoo, agardaba que hoxe, incluso, esta moción non tivera complicacións, despois de escoitar ao Sr. Ruiz Rivas varias veces xa sei que non vai ser así, pero nós non imos formular nada diferente ao que formulou o Sr. voceiro do Partido Popular, Alfonso Alonso, no Congreso dos Deputados, non imos formular nada diferente do que está formulando o Tribunal de Contas, polo tanto, se o Partido Popular, que é o Partido no Goberno, e o Tribunal de Contas veñen chamando a atención sobre que hai que cambiar a maneira de proceder no tema das subvencións nominativas e nos convenios, home, polo menos eu creo que podemos chegar a un punto de encontro.

Entendendo que a crise económica e na situación na que as prioridades sociais son diferentes ás que había hai moitos anos, entendemos tamén que é o momento de non seguir igual, de facer profundos cambios. Unha forza política como o Partido Popular, que continuamente nos está vendendo que son reformistas, e o son, porque están reformando moitas cousas, a pesar de que moitos non esteamos de acordo con algunhas das reformas, o con moitas das reformas, pois nisto creo que tamén hai que ser reformistas, e hai que buscar unha reforma que sexa capaz de ser máis democrática, é dicir, que sexa máis igualitaria e que se poida concorrer en igualdade de oportunidades á distribución de fondos públicos, isto é o que pretende esta moción, se queren podo enlearme, que vou molestar moito ao Sr. deputado de Vías e Obras, porque vou entreter o Pleno, pero eu creo que se me entende perfectamente. O que non podemos é continuamente distribuír inxentes fondos de diñeiro cando lle estamos negando os fondos mínimos para subsistir a moitos concellos e a moitas entidades asociativas.

Polo tanto, nós o que queremos é que se poña dalgunha maneira orde no tema das nominativas e que se empece a dar pasos nunha distribución de fondos a través de plans. Pode haber plans de moitos tipos, para fundacións públicas, para entidades que se dedican ao motor, pode haber multitude de plans, nós o que queremos é que haxa concorrência en igualdade e competitiva. Vou obviar o texto e voume referir simplemente aos acordos que propoñemos.

Primeiro, que o volume dos convenios que se aproben en cada exercicio baixo a figura da subvención nominativa ou convocatoria pública específica para proxectos de especial relevancia non supere o cinco por cento do orzamento inicial de cada exercicio.

Que o oitenta por cento da cantidade resultante da operación contemplada no punto 1, se destine á convocatoria de programas de apoio a proxectos de especial relevancia dirixidos a concellos, fundacións, ou calquera outro tipo de entidades sen ánimo de lucro.

(Abandona o salón a Sra. Padín Fernández).

E terceiro, que a elaboración de futuros plans especiais que aprobe a Deputación da Coruña se rexa polos criterios que aquí se teñen asumidos con total normalidade de distribución do POS.

Eu creo que é algo de sentido común e que é algo no que todos os grupos poderíamos estar de acordo. A min entrísteríame moito converter isto, Sr. Rivas, eu agardo que non sexa así, en “ e vosoutros antes...”, imos ver, se todos estamos de acordo, eu admito a parte autocrítica que a min me pode tocar, pero se todos estamos de acordo que algo nisto hai que facer, traballemos en facelo, porque é moi triste, eu creo que para un espectador externo contemplar algúns debates que damos aquí continuamente mirando polo retrovisor, é bastante triste. Eu creo que hai que analizar a realidade que temos, hai que analizar a situación económica, e teremos algunha vez que intentar tomar decisións que melloren a situación actual. E xa digo, insisto, isto non é un brinde ao sol do Bloque Nacionalista Galego. Eu, está no diario de sesións do Congreso dos Deputados, pídolles que lean a intervención do portavoz do seu Grupo do Partido Popular no Congreso dos Deputados, verán que está referíndose ao

mesmo que nos referimos nós nesta moción. Polo tanto, eu creo que é momento de abordalo e evitarmos ter discusións moitas veces que non nos gustan a ninguén, sobre nominativas como as que tivemos hoxe neste Pleno, porque mentres hai nominativas de centros de día, como foron hoxe, ou de entidades sociosanitarias que a todos nos gustan, entendemos que as hai que aprobar, que son urxentes, que son especiais, e que hai que facelo por convenio moitas veces, aí non hai ningún problema, hai outras como as dos clubs deportivos, que se poden amañar perfectamente cunha orde de subvencións aberta a todas as entidades deportivas da provincia e é a mellor maneira e evitamos as discriminacións e, seguramente, moitos debates políticos. Polo tanto, xa digo, agardo que isto non se converta en algo que non pretendía o Bloque Nacionalista Galego e, sobre todo, eu agardo que isto, aínda que non se aprobe a moción, sirva para que no futuro inmediato poidámonos sentar con normalidade os portavoces dos Grupos a analizar minimamente a realidade e o contexto de crise que temos e ver como somos capaces de axudar a que sobrevivan as nosas entidades asociativas e tamén a que a distribución de fondos para os nosos concellos sexa máis xusta, máis equilibrada. Nada máis.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, ben, esta moción que propón o Bloque Nacionalista Galego ten dous aspectos totalmente diferenciados, por unha parte é fixar unha cantidade para as subvencións nominativas, que estaría en función do orzamento da Deputación, e outra é que se manteñan os criterios de distribución dos plans especiais, mantendo os que hai no POS actualmente.

Con respecto á primeira parte de subvencións nominativas, quero recordar que reiteradas veces este portavoz do Grupo Socialista, aludiu neste Pleno á necesidade, dada a situación de crise financeira que están vivindo os concellos da provincia, de destinar a maior parte dos recursos da Deputación a plans de colaboración cos concellos. É indubidable que un equipo de goberno ten que ter a capacidade e a potestade de facer subvencións nominativas, e ninguén lle nega ese dereito, e estamos dispostos a apoialo, pero tamén é indubidable que, dada a situación que estamos vivindo, é aconsellable lembrar que a cooperación e a colaboración da Deputación cos concellos establécese a través de plans provinciais, con criterios claros e coñecidos e obxectivos de distribución. E a cooperación da Deputación coas entidades sen ánimo de lucro, establécese a través da convocatoria xeral de subvencións, que hai excepcións?, por suposto, e cales son as excepcións?, as subvencións nominativas, e que hai que facer nas subvencións nominativas?, xustificar, acreditar o interese público e motivar esa decisión, e creo que se pode facer. Polo tanto, imos apoiar a moción do Bloque Nacionalista Galego nos puntos 1 e 2, que din, poden vostedes facer subvencións nominativas, fagan as que sexan precisas, pero dediquen unha cantidade do orzamento e dediquen o resto, a maioría, a plans con distintos concellos da provincia. E imos apoiar o punto número 3, que tamén é moi importante, porque o ano pasado coa distribución do DTC fíxose unha distorsión grande nos criterios de distribución de fondos por parte da Deputación aos concellos, cando se aplica por primeira vez o criterio da poboación, do trinta por cento do peso da poboación no reparto dos fondos, nos concellos de Coruña, Ferrol e Santiago, tendo en conta a poboación total, cando sempre se entendeu que había que ter en conta a poboación rural. Isto distorsiona tremendamente o resultado do plan, por exemplo no Concello da Coruña leo na moción do Bloque que recibe 1.500.000 euros máis que recibe no POS, porque se valora de forma diferente o peso da

poboación, entón si nos parece moi apropiado porque esta Deputación, a función da Deputación como todos sabemos, e como todos falamos, é colaborar e cooperar fundamentalmente cos concellos de menos de 20.000 habitantes, e se non aplicamos estes criterios como se vén aplicando ata agora, estamos provocando distorsións e dalgunha forma favorecendo a concellos que teñen outras vías de financiamento que non teñen os concellos pequenos e medianos da provincia.

Polo tanto, imos votar tamén a favor do número tres, no sentido de que nos plans de futuro que a Deputación provincial faga se apliquen como criterios de distribución os criterios que están asumidos por todos os concellos, asumidos por todos os grupos políticos, que se utilizan na distribución dos fondos do Plan de obras e servizos.

#### Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. A verdade é que primeiro dannos unhas labazadas, primeiro críticannos os métodos, falan, propoñen, e despois póñennos as regras, é dicir, imos pelexar, pero vostede non me diga que eu utilizaba iso e o utilizaba peor, e o que ten que facer é poñer a man detrás, e vostede só vai pelexar cunha man, pois eu acepto o reto, e imos pelexar entón cunha man nada máis.

Se di que agora cambiaron os tempos, que xa non é o ano 2011-2012, claro, ese é o problema que seguramente moitos de vostedes tiveron para que nós gobernáramos xa en case todos lados no ano 2011, é esquecer que a crise xa viña de antes, en 2008, 2009 e 2010, e que o que agora se pide con tanta insistencia desa aparición milagrosa da crise no ano 2011, non se fixera por exemplo no ano 2010. Ben, poñamos que a crise empezou no ano 2011, acepto. Aceptemos tamén esa perda de rumbo do nacionalismo galego, que tanto lle dar ir con Esquerda Unida, como que o seu portavoz sexa o señor de Madrid, o señor Alonso, poñamos que está ben que o Sr. Alonso defenda as teses do Bloque, deixen defender en prol do galeguismo deste Grupo, as teses deste Grupo de Goberno aquí na provincia da Coruña, paréceme correcto.

Pois ben, a utilización desta fórmula véñse facendo na Deputación dende o ano 90, e gobernaron absolutamente todos os Grupos, polo tanto, non é descoñecemento de ningún dos que están aquí. Que se pode utilizar dunha fórmula ou doutra?, home, eu xa o dixen hoxe, o Bloque votou a favor dos puntos nove e once, o PSOE votou en contra do punto once cando na Comisión votou a favor dese mesmo punto. Polo tanto, creo que se alguén ten algún tipo de deriva ou perda nestes momentos do que debe ser o criterio que se ha aplicar neste método excepcional, non é o Grupo de Goberno, senón que son precisamente vostedes. Polo tanto, non hai que poñer orde onde non hai desorde.

O que eu quixera dicir é que cando me din “e ti máis”, pois vou dicir un “e ti máis”, o “e ti máis” é que ningunha Corporación, nin Grupo de Goberno na historia desta Deputación dedicou tantos cartos de forma regrada, practicamente o 95%. As subvencións nominativas superan por pouco o 6%, polo tanto, ningún Grupo, pasamos do 85% practicamente ao 95% desa distribución, pois eu podo dicir “e ti máis” dunha forma regrada, e o ano pasado, igual que o presidente anunciou este ano, cando nos xuntamos cuns remanentes positivos de vinte ou vinte e catro millóns, púidose facer doutra forma, pero que se fixo? Aprobouse un DTC, Deputación para



todos os concellos, 24 millóns. E cando teñen os nosos concellos problemas con determinados grupos de gasto, como podía ser o POS, podíamos facer menos gasto e dedico o resto a nominativas, non, non, a Deputación pon os cartos a maiores para que o concello non sufra ese detrimento no POS, facemos o mesmo con teleasistencia e con outros, polo tanto, creo que hai unha forma diferente de gobernar. E se miramos despois que distribuimos o DTC cuns criterios, os criterios están aí, e son obxectivos, gustaralle máis ou menos, o POS aplícase porque é un criterio que vén de Madrid, senón seguramente tamén entre todos cambiaríamos ese criterio, pero é o que se vén regular.

Pero fixemos unha cousa que si axuda tamén aos concellos máis pequenos sobre todo, é que non teñen que poñer ese cinco por cento, e o cinco por cento seguramente para o Concello da Coruña é unha insignificancia, e o cinco por cento para outro dos concellos de aquí lle supón moito. E, polo tanto, tamén desa forma indirecta, estamos axudando a estes concellos. Polo tanto, creo que cando se fala de nominativas este Grupo de Goberno está dando, con respecto a calquera outra administración, e con respecto a calquera outro Grupo de goberno que chegara a esta Deputación con anterioridade a nós, un exemplo de dez puntos. E quero dicir unha cousa, porque creo que é moi claro tamén á hora de establecer ese principio cando se nos quere atacar por falta de transparencia ou por amiguismo, e ese tipo de cousas que se acostuman a dicir, que a provincia está dividida, máis de 800.000 cidadáns, máis do 71% que están gobernados por concellos do Partido Popular; 142.000 veciños, aproximadamente un 12% gobernado polo Partido Socialista Obrero Español-PSEdG, e un 8,61%, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, se lle sumamos e consideramos que é deste grupo Teo. Polo tanto, cando fagamos unha crítica ou algo, valoremos para empezar isto, é dicir, cando vostedes tiveron a responsabilidade ou non de gobernar, non tiñan tanto goberno ou tantos concellos baixo o seu mandato como ten o Partido Popular, aínda que foramos tan malos, e tan malos, como vostedes din que somos á hora de repartir os cartos, polo menos segundo o seu criterio, nos deberíamos ao 72% da poboación da provincia, máis de 800.000 cidadáns á hora de aplicar os cartos dese tipo de subvencións, por que? Porque non seríamos, digo eu, entendo eu, baixo o seu prisma, clientelares ou clientelistas cos nosos propios concellos. Polo tanto, creo que si hai unha nova forma de gobernar, que non só dá a obriga con ese cen por cen, ou se vostedes queren, no seu mal pensamento, con ese 72% de veciños ou cidadáns gobernados polo Partido Popular, senón sobre todo pola crenza de que cremos que neste momentos efectivamente hai un período de crise que nós vimos antes, no que debemos facer un esforzo básico e maior axuda regrada cara aos nosos concellos e cara aos nosos veciños, e iso é precisamente o que estamos a facer, con 10 puntos máis, o 95% dos cartos desta Deputación. Polo tanto, creo que pelexei nesta primeira intervención cunha man, se queren que dea os datos concretos que teño na outra, dareinos, pero non se pode só falar nun determinado rumbo cando creo que as evidencias e os datos din precisamente que hai unha forma de distribuír os cartos moi diferentes a todos os grupos de todos os signos políticos que gobernaron nesta Deputación, e eses datos acabo de darllos. Nada máis e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Regueira Varela

Eu non veño ao Pleno a pelexarme, Sr. Ruiz Rivas, veño a discutir, non fai falta que ate vostede man ningunha, en todo caso quero recordarlle que eu non citei para nada na miña exposición, nin acheguei falta de transparencia, nin amiguismo, nin

citei esas palabras para nada na miña intervención, e tamén lle aseguro que non teño malos pensamentos, durmo tranquilamente todas as noites, a ver se dura isto tamén así, pero a min, e síntoo moito, dígolle de verdade que o sinto, a min recordoume vostede a Baltar pai, cando dicía aquilo de que el non tiña culpa de que os do PP estiveran mellor preparados para acceder á función pública que o resto. A min o seu discurso hoxe pareceume un pouco así. Agora eu, imos ver, aquí insisto no que formulabamos, nós cremos que a crise económica está, que nós estamos recortando axudas en subvencións ordinarias de carácter competitivo, e que en cambio estamos utilizando, non só vostedes, nós tamén o utilizamos, pero cremos que é necesario cambiar. E para tranquilizalo no tema do nacionalismo galego, polo menos no tema do Bloque Nacionalista Galego, o noso portavoz nacional é galego, non ten ningunha vinculación con partidos estatais e temos a conciencia moi tranquila, haberá outros que si, non sei que tipo de acordos teñen, e tamén lle digo unha cousa, o portavoz do Partido Popular no Congreso Alfonso Alonso, non creo que pasara a reválida para ser portavoz do BNG, de momento, como seguramente o noso non pasaría a reválida para ser do PP, pero nós con Alfonso Alonso temos coincidencias como calquera outra forza política, neste caso coincidimos, fíxese, co Partido Popular, pero é curioso que cada vez que podemos coincidir en algo co Partido Popular, vén outra parte do Partido Popular que nos di que estamos errados, é curioso, e que o do Partido Popular é moi difícil, en Madrid en relación coas preferentes di unha cousa, aquí di outra, en Madrid en relación con calquera cuestión di unha cousa, aquí di outra, e en Madrid, coas nominativas di que hai que cambiar o chip, aquí dicimos que non hai nada que discutir, que está ben. Eu non lles discuto a vostedes que fagan máis plans, menos plans, nin falei de que están desviando fondos para os seus amigos, para nada, o único que pedín é un debate sosegado e calmado para ver se o estamos facendo ben, porque eu creo que hoxe, do mesmo xeito que viñeron convenios de cantidades moi altas de diñeiro, para o Básquet Coruña, para o Liceo, para unha asociación que eu sigo sen coñecer quen é, porque vostede non mo quixo dicir, que eses cartos, dalgunha maneira se poida concorrer a eles en igualdade, iso é moi importante, porque na miña comarca e no ámbito territorial no que eu vivo, que non é un ámbito territorial especialmente rico, pero si é rico en entidades e en programación de actividade, hai moitas entidades que o están pasando moi mal, e eu creo que canto máis cartos se poidan repartir de maneira competitiva e en igualdade, mellor. Eu aquí non estaba discutindo que vostedes o estiveran facendo nin mellor, nin peor, nin igual, entón, nós seguimos propoñendo os acordos que propoñemos, entendemos e acreditamos o que temos repetido moitas veces neste Pleno, que había que buscar a maneira de repartir a máxima cantidade de fondos da maneira ordinaria, e non converter algo que na lei está para procedementos excepcionais no ordinario, porque é realmente o que está pasando. Eu creo que a situación, non imos discutir aquí cando empezou ou cando non empezou a crise, a situación actual non ten nada que ver con outras situacións, e hai clubs, vostede antes facía referencia que temos que salvagardar que teñamos clubs, clubs de elite e incluso clubs profesionais, o problema é que aquí hai concellos que reciben para actividade deportiva municipal, fíxese o que lle vou dicir, concellos que reciben para actividade deportiva municipal pola orde ordinaria de subvencións menos do que vai recibir algún destes clubs, e a min non me parece normal, sabe?, entón por iso eu defendo que algo hai que cambiar. E se vostede di, como vostedes o facían así, ou incluso o facían peor, porque podo recoñecer que incluso o puideramos facer peor, pois non imos cambiar nada, porque nós xa estamos salvados. Mire, aquí non se trata de salvar a ninguén, aquí trátase de valorar se hai que cambiar ou non, nós cremos que si.

E insisto, é curioso, e voulle poñer o caso, ao mellor non debería de poñer este exemplo, porque é unha área de goberno miña, sabe canto levou a miña área de goberno para promoción económica e turismo?, 1.080 euros, o meu concello ten 31.500 habitantes, algo haberá que facer, porque ao mellor eu tamén buscaba xestionar eses 150.000 euros da compostaxe, que me viñan de perlas. Polo tanto, eu dígolle que algo hai que facer, e nós propoñemos facer isto, e se o quere vostede matizar, discutimos os matices, pero eu creo que é o momento de discutilo. Moitas grazas.

#### Sr. Fernández Moreda

Eu agradézolle ao Sr. Ruiz Rivas que non utilizara un argumento que podería utilizar para desbaratar as miñas argumentacións, que é negar que o Pisuerga pasa por Valladolid. Mire, podemos darlle mil voltas, os tempos cambian, as percepcións dos cidadáns cambian, as esixencias dos cidadáns cambian, e todo cambia, ata eu afeitábame hai un ano e agora non me afeito. Fan as cousas de forma diferente, si, este Goberno está facendo as cousas diferentes, está cambiando por exemplo o sistema de contratación que funcionaba así dende hai vinte e pico anos, está convertendo en opaco o que era transparente, está aplicando doutro xeito os criterios de distribución do POS, que non son impostos por Madrid, que os aproba este Pleno, está aplicando os criterios de distribución do POS de forma diferente, primando ás grandes cidades en detrimento dos concellos da provincia, que son a maioría, niso está actuando de forma diferente.

O que lle estamos formulando aquí é unha cousa moi simple, non estamos negando a posibilidade, e non hai ningunha incoherencia, porque hai subvencións nominativas que son necesarias e xustas, e entendemos que un equipo de goberno ten que ter a posibilidade de atender esas peticións, que son necesarias e xustas, deste xeito, e a lei o permite. O que estamos dicindo é que nun momento no que se está vivindo agora, que os concellos non teñen diñeiro nin para manter os propios servizos, que fagamos o esforzo de atender as subvencións nominativas que se teñan que atender, e que destinemos o resto dos recursos a colaborar e cooperar cos concellos na forma en que está prevista, e efectivamente vostedes gobernan a máis poboación que o PSOE e que o BNG, incluso a máis poboación que o PSOE e que o Bloque xuntos, pero hai unha forma moi fácil, se vostedes dedican todo o diñeiro a plans, os concellos do PP van recibir moito máis diñeiro e van ser moito máis que os concellos do Bloque e do PSOE, e non pasa absolutamente nada. Podemos retorcer os argumentos e incluso podemos dicir non, e que dixo vostede que o Pisuerga pasaba por Valladolid e eu nego que non pase por Valladolid, podemos retorcer, pero o que estamos pedindo é algo moi claro e moi sinxelo, dediquen unha porcentaxe do presuposto, nós votamos a cinco, non sei a cantidade, unha cantidade, eu apoio a filosofía, dedique unha parte do presuposto ás subvencións nominativas, que as teñen que atender, e logo distribúan os cartos aplicando os criterios como se aplicaron sempre, para apoiar e fomentar os investimentos nos concellos pequenos da provincia, dos menos de 20.000, que é a obriga da Deputación, que son os que teñen menos recursos, porque as grandes cidades teñen outras fontes de financiamento que non teñen os concellos pequenos, e a Deputación está fundamentalmente para atendelos a eles, e isto non é demagogia, é así, e sempre se aplicou o criterio aplicando a porcentaxe de poboación á zona rural de Coruña, de Ferrol e de Santiago, se o aplicamos á totalidade da poboación estamos distorsionando, de

verdade, estamos distorsionando e estamos prexudicando os concellos da provincia. Vostedes gobernan A Coruña, e gobernan Ferrol e gobernan Santiago, pero gobernan moitos municipios, pequenos e medianos, que se están vendo discriminados por este tipo de actuación. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Que o Pisuerga pase por Valladolid non significa nin que un teña que mollarse, nin beber no Pisuerga, polo tanto, volvo repetir, si hai unha forma diferente de facer as cousas, pero é que ademais os datos están aí para que un poida observalos e ver como precisamente estamos aplicando de forma diferente os cartos do que se viña aplicando aquí, e dígoo porque, por unha parte, cando hai un remanente positivo e nolo deixan utilizar, practicamente todo ese remanente se utilizou ou se vai utilizar a través dun plan, é a primeira vez que se fai así, a primeira vez que se fai a través, a maioría dos cartos, díxenllo Sr. Moreda, porque a maioría dos cartos saben onde ían? precisamente a nominativas, hai Plenos que eu lle podo dicir de vinte millóns de euros para nominativas, agora hai dezanove ou vinte millóns de euros para un plan, que lle gustarán ou non os criterios, pero é un plan con criterios obxectivos. Polo tanto, si estamos a aplicar os cartos da forma que cremos que os debemos de aplicar, directamente, pero en épocas de crise ás veces tamén hai necesidades que se teñen que facer a través doutro tipo de axudas, que para iso está a lei, e para iso nolo conceden, e só vou remarcar, e con iso vou rematar, unha frase que vostede dixo “Hai subvencións nominativas necesarias e xustas”, se non pasa o 5,1 do presuposto total, senón é inxusta, senón non lla podemos dar, só son xustas as que chegan ao primeiro cinco por cen. Polo tanto, cando eu lle estou dicindo que practicamente ademais os datos deste goberno aseméllanse moito ao que está pedindo o Bloque Nacionalista Galego, con pouco máis do seis por cento do total destinado a este tipo de procedemento, eu creo que estamos facendo precisamente o que non foron capaces de facer ningunha outra administración, e que vostedes agora nos reclaman nunha época de crise, que é a mesma que tiñamos hai dous ou tres anos.

Polo tanto, as subvencións nominativas serán necesarias e xustas igual co 4,23 do total deste presuposto, ou con 5,08, porque para iso están. E máis nada, presidente, pero teño que volver repetir que si se pode dicir “e ti máis”, pois este Goberno máis de distribuílo de forma regrada, competitiva e mediante criterios obxectivos e transparentes, e o resto?, pois iso seguramente o que non lle gusta ve que é o noso punto forte, que pasamos dunha Deputación, que estando ben, tiña practicamente o 50% de débeda, que imos acabar no 10 en 2016, unha serie de cuestións, e que precisamente temos contentos os concellos porque cando outras administracións non cumpren ou non poden cumprir cos seus compromisos, cúmprese a través de acordos desta Deputación, que ademais cando temos un remanente déixanolo usar practicamente esa totalidade por medio dun plan os distribuímos aos concellos, eu sei que vostedes teñen que dar co seu ariete nese punto, pero cada vez que dean nese punto verán a fortaleza precisamente con respecto a como estaba fortalecida antes esa parte do barco. Así que, Sr. presidente, o noso Grupo, evidentemente, vai votar non a esta moción.

Sr. Regueira Varela

Agradecer as palabras dos dous portavoces, lamento que non poidamos chegar a un acordo neste tema, pero simplemente expoñer algo que a min tamén me parece importante, que non sei se o Sr. Ruiz Rivas coñece, e tampouco o anterior presidente da Deputación non fixo alusión a iso nas súas intervencións. Nós entendemos que hai que cambiar, reiterámolo, tamén lle digo unha cousa, Sr. Ruiz, na anterior etapa da Deputación asinariamos máis ou menos convenios, e máis ou menos nominativas, pero había un procedemento que a min paréceme importante, eu non formei parte desa Corporación, pero teño compañeiras neste caso que si formaron, a distribución de fondos facíase con reunión de portavoces e por consenso, nunca o Partido Popular manifestou ningunha dúbida, nin ningún reparo aos acordos que se tomaban en relación con eses convenios ou esas nominativas. Nós soubémolo no Pleno, ao mellor esa é a diferenza.

#### Sr. Presidente

A verdade é que esta Corporación xa cambiou, Sr. Regueira, esta Corporación é a Deputación sen dúbida de Galicia, e unha das de España, que máis fondos dedica aos seus concellos en plans con criterios obxectivos, sen dúbida, vostedes tamén gobernan nunha, e non está en Badaxoz, está aquí en Lugo, a carón nosa, gobernan nunha, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, sabe vostede canto dedica o goberno do Bloque e do PSOE ao POS dunha provincia como a de Lugo?, o próximo secretario xeral do Partido Socialista, ao que irán votar estes señores supoño que o día de mañá, dedica 900.000 euros para repartir entre todos os concellos da provincia de Lugo, 900.000 euros, sabe canto dedica a provincia da Coruña?, 24, sabe cantos plans ademais hai na provincia de Lugo, onde gobernan vostedes e o Partido Socialista e reparten con criterios obxectivos á parte do POS?, ningún. Na Coruña si, o ano pasado un, e este ano, tan pronto teñamos autorización para gastar o gasto remanente, tamén.

Polo tanto, isto xa estivo a debate no pasado Pleno, e xa lle dixen os datos que parece que non os queren entender. Claro, cando botaron contas veñen aquí e din que non queren mirar polo retrovisor, non me estraña, díxoo o portavoz do PP, nun Pleno de maio do ano 2010, vinte millóns de euros en nominativas, non me estraña que non queiran mirar polo retrovisor, pero nós xa cambiamos a forma de gobernar, e en nominativas levamos moito menos en termos absolutos, e moitísimo menos en termos relativos, do que levaban outros gobernos, e dedicamos máis que nunca a plans obxectivos porque, fíxese vostede, o único plan alternativo, obxectivo, que se fixo nesta Deputación os últimos anos foi o PCC, 40 millóns de euros en catro anos, nós nun único ano que tivemos posibilidade, fixemos 24, e coa achega deste ano, en dous anos xa levamos máis presuposto dedicado que en catro a Corporación anterior. Polo tanto, leccións as xustas, porque non miramos para atrás, preocupámonos de ser máis obxectivos que nunca.

E Sr. Moreda, nunca os alcaldes da provincia da Coruña, pese a ser un orzamento moito máis restrinxido do que vostede tivo posibilidade de gobernar, tiveron tantos cartos anualmente a través de plans obxectivos, nunca, repase os datos, porque paréceme increíble...non, perdón, repase os datos, porque nunca se dedicou tanto a plans obxectivos, tendo ademais moitísimo menos orzamento do que vostede tiña, e nunca dedicamos tan pouco a subvencións nominativas como este Goberno, e sobre todo comparado cos gobernos de vostede, porque estivo gobernando durante os últimos oito anos ata este mandato.

Polo tanto, eu creo que convén ser un pouco máis humilde nas formulacións, un pouquiño máis humilde porque, efectivamente, a nós tampouco nos gusta mirar polo retrovisor, e pode vostede imaxinarse, e ademais é coñecedor, e seino, que mirando polo retrovisor algún poñeríanse colorado, nós non o imos facer. Polo tanto, seguimos dedicando en plans obxectivos o que podemos.

E unha última cousa, porque xa van varias veces que o din. Aquí non se desvirtúan os criterios do POS, a ver se falamos con propiedade, o POS ten uns criterios que veñen fixados e seguen sendo os mesmos, seguen sendo os mesmos, poderíamos discutilos porque a día de hoxe que un criterio sexa o número de parroquias que ten un concello, é discutible, creo que nestes momentos poderíanse introducir outros criterios ou, desde logo, darlle máis peso a outros criterios, como intentamos facer no DTC, que non hai obriga de ningún tipo, de ningún tipo, de seguir os mesmos criterios, pódense establecer os criterios que se determinen, obxectivos, e ninguén pode dubidar que o número de cidadáns que se benefician dunha acción non é un criterio obxectivo, poderá ser compartido ou non, en todo caso, pero obxectivo si que o é, ese é obxectivo, non sería obxectivo dicir se goberna un partido ou outro, pero iso non se fai, como vostede ben sabe. Polo tanto, criterios obxectivos si, todos, non existe a obriga de seguir os mesmos criterios do POS, en ningún caso, e a lexislación non cambiou agora, din que cambiou a situación, iso poderíamolo ver, grazas a que cambiou a situación esta Deputación está a facer esforzos importantes.

Pasamos á votación antes do debate..., non, non hai, vostede sabe como se leva este Pleno mellor ca min, tivo xa dous roldas, non, pecha o Sr. presidente, Sr. Moreda, non, non, vostede xa interveu dúas veces en dúas roldas que xa abrimos, entende?, e así se cerran, de todas formas ánimoo a consultar as actas onde vostede era presidente desta Corporación e verá como se regulan os debates.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 16 deputados (PP)

Abstéñense: 1 deputado (PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

### **-MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA ÁS PUBLICACIÓNS E AO USO DA IMPRENTA PROVINCIAL.**

Sra. Seixas Naia

Grazas, bo día a todas e todos. Presentamos esta moción unha porque cremos que é necesario que se regule dalgún xeito, a través dunha ordenanza, o Servizo da Imprenta provincial, dicímolo no punto dous do acordo, e tamén porque fixemos en diversas ocasións preguntas respecto dos traballos que se estaban facendo na imprenta provincial, facilitóusenos unha contestación que consideramos que non é nin oportuna, nin era precisamente o que pediamos, pese a reiterar nalgunha sesión plenaria esa solicitude dos traballos que se estaban facendo e a que entidades ou concellos se lle estaban facendo, seguen sen darnos esa contestación e, polo tanto, consideramos que non se nos está facilitando a información nin se está

sendo o suficientemente transparente nos traballos que se están facendo na Imprenta provincial. Por ese motivo propoñémoslle ao Pleno desta Corporación que acorde crear un consello asesor de publicacións cunha composición na que se garanta a presenza da Real Academia Galega, da Universidade da Coruña, da de Santiago, do Consello da Cultura Galega e da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e a segunda que se elabore unha ordenanza reguladora do servizo que debe prestar a Imprenta provincial ao conxunto dos concellos, garantindo que os concellos de menos de 20.000 habitantes sexan considerados prioritarios para a edición de guías, revistas, folletos e cartelería establecendo criterios obxectivos para a edición daquel material de imprenta que soliciten entidades da provincia sen ánimo de lucro, esa é a proposta de acordo. Grazas.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, antes algo para recordarlle, o dereito de réplica non é un dereito graciable, é un dereito que temos os deputados, e non podemos ser aludidos e non ter dereito a réplica. Entón quérolle dicir que se a Deputación de Lugo ten un plan cativo, e a Deputación da Coruña o ten grande, é porque o presidente atopou unha Deputación case quebrada, e o Presidente da Coruña atopou unha Deputación saneada e prestixiada financeiramente, punto primeiro.

Punto segundo, estase reducindo o nivel de endebedamento, certo, se viña reducindo dende hai moitos anos, e o nivel de endebedamento que había hai dous anos era o mínimo en moitos anos, e a carga financeira que había era a mínima en moitos anos, pero iso facíámolo porque queríamos, agora faise por unha obriga legal.

Terceiro, non acepto que se diga que se dá máis diñeiro aos concellos agora que antes, porque non é certo, agora faise un DTC e antes facíase un Plan de cooperación comarcal, plans anticrise, e outras moitas cousas, pero é igual, miren polo retrovisor todo o que queiran, atoparán unha Deputación saneada e prestixiada. E os criterios do POS pódense cambiar, porque se aproban aquí, mire, estes criterios do POS aprobáronse creo que no ano 90, e fixémoslos o Sr. Arufe e eu, e funcionaron durante estes anos a satisfacción dos concellos, o que si cambiaron foi a aplicación e vostedes en vez de defender e dar diñeiro aos concellos pequenos e medianos, prefiren darlle diñeiro á Coruña, Ferrol e Santiago, é unha opción, é lexítima, pero é a opción que tomaron, e non se pode negar.

E con respecto á moción, nós imos apoiar o punto número dous, porque entendemos que é necesario elaborar unha ordenanza que regule a imprenta, poderíamos ir moito máis alá, poderíamos ver se nestes momentos é necesario que haxa unha imprenta, haina, hai que mantela, a razón da imprenta era a publicación do Boletín Oficial da Provincia, hoxe hai unha escola de formación de artes gráficas magnífica no Calvo Sotelo que fan prácticas na imprenta e fai un labor importante dende o punto de vista educativo e social, pero non está mal que se faga unha ordenanza na que se regule, se é posible, que material se pode imprimir na imprenta provincial, porque vén de vello, hai moitas protestas dos empresarios da Federación de Artes Gráficas pola competencia desleal que a Deputación provincial fai a estes negocios que estes señores teñen, que crean emprego, que xeran impostos.

E non votamos a favor da creación dun consello asesor por varias razóns, a primeira é que se se fai unha ordenanza, todo estaría incluído aí, e segundo por unha

experiencia persoal, eu sendo presidente hai moitos anos creei un consello asesor, e a potestade de discrecionalidade que o presidente tiña transferiuna a un consello asesor, e ao final é que foron moito máis discrecionais e arbitrarios o consello asesor na selección das obras a imprimir que podía ser o propio presidente. Entón iso a min persoalmente, con esta experiencia, non me garante nada. Se se fai unha ordenanza sería bo recoller estas cousas e clarificalo.

Polo tanto, estaríamos de acordo co punto número dous e no punto número un, absteríámonos.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. presidente. Ben, pois imos ao Pisuerga logo, o labor de dirección do Pleno xa saben quen a ten, vostede non pedía unha réplica, era unha súplica, xa falara, por certo, pero dito iso, e só entrando no que vostede dixo, entón estará de acordo con nós que hoxe en día, e por vontade propia, á parte da esixencia legal e máis contía do que esixe a esixencia legal, esta Deputación está máis saneada e máis prestixiada, aínda que sigan dando no ariete onde queren dar, máis saneada e máis prestixiada polos datos que ten.

Cando agora, despois de tantos anos utilizando a imprenta e non podemos falar de crise económica neste caso de razoamentos, eu creo que tamén hai que explicar que é o que pode estar acontecendo para que agora si se poida necesitar un cambio, e antes non.

Podemos discutir como fixo o Sr. Moreda, efectivamente, o fondo, cambiou, hoxe en día non temos que facer o Boletín Oficial da Provincia, hai outros medios, cal é o papel que debe de ter imprenta?, poderíamos discutir iso. Pero aquí se nos pide ou se nos está aconsellando que miremos a forma, é dicir, un consello asesor, eu non vou ser tan directo como foi o Sr. Moreda, o resto dos argumentos meus nunca chegarían a tanto como o seu, polo tanto o punto primeiro creo que é mellor obvialo. Pero con respecto ao punto segundo eu creo que nestes momentos tampouco pode haber ningún tipo de queixa con respecto ao que é a transparencia ou toma de decisións do que é a Imprenta provincial. Hai, se non me equivoco, aproximadamente oitenta e dous concellos de menos de vinte mil habitantes, deses oitenta e dous concellos, cincuenta e dous pediron axudas a esa imprenta, nestes momentos, tamén ata onde eu sei, están todos satisfeitos, é moi raro que ningún dos asuntos que se piden, que poda a imprenta actuar, que non acabe actuando con máis ou menos celeridade en función do que poida ser o seu traballo, e nestes momentos, polos datos que a min me dan, queda pendente dun concello un traballo, non pola súa temática, senón pola súa extensión.

Entón, creo que non hai ningún cambio no que é a actuación, o devir desa imprenta, creo que se está traballando a satisfacción tanto do que son os concellos destinatarios últimos, deses cincuenta e dous que o pediron, de todos os signos políticos, e que con respecto a outro tipo de asociacións, e outro tipo de publicacións, se está actuando con seriedade, creo que cunha gran calidade esa imprenta, e sacando á luz textos que creo que doutra forma, buscando unha editorial, serían incapaces de ver a luz, textos que en moitos casos precisamente serven á poboación deses concellos dando estudos importantes sobre todos e cada un do que pode supoñer a súa historia e que de non ter precisamente o soporte, o apoio da



Deputación, non verían a luz. Polo tanto, nós non vemos esa necesidade que ve o Grupo Nacionalista para crear ese organismo de supervisión que, á parte do que dixo o Sr. Moreda, seguramente ralentizaría moito o proceso. E con respecto ás normas de actuación, que sempre poden ser mellorables, estudalas, en todo caso non vemos unha necesidade perentoria maior que a que houbo na historia desta Deputación. Nada máis e moitas grazas.

(Entra no salón a Sra. Padín Fernández).

#### Sra. Seixas Naia

Grazas, ía facer mención precisamente a iso, aceptamos que se voten por separado os puntos, sen ningún tipo de problema, e eu aproveitando que o río Bolaños pasa por Arteixo, por aquilo de facer patria propia, porque así tamén o publicitamos, gustaríame Sr. Ruiz Rivas, entón, se non hai ningún problema e non hai absolutamente ningún tipo de opacidade, que se nos faciliten os datos que pedimos ata en tres ocasións, detallados, dígoos porque se efectivamente eses datos non supoñen ningún problema, nin hai ningunha discrecionalidade, creo que deberíamos de telos como deputados e deputadas, e ademais é unha obriga, evidentemente, facilitalos.

Respecto do tema de que se atenden absolutamente todas as solicitudes, acabame de dicir aquí o alcalde de Rianxo, que está sentado ao meu lado, que el dirixiu unha carta pedindo precisamente a edición dun libro, e que non se lle contestou, que pode ser ese libro do que vostede falou dunha grande extensión, tampouco me parece un criterio, nin me parece tampouco unha argumentación válida, porque se teñen editado neste período libros luxosos e carísimos, polo tipo de papel e polo tipo de encadernación, que eu creo que non pode ser un criterio dende logo o tema da extensión, en todo caso solicitamos eses datos, e nós consideramos que se está, desde logo, feita unha ordenanza será moito máis obxectivo absolutamente todo, e gustaríame tamén recordar unha cousa que xa se recordou antes aquí. A min ás veces si que me gusta mirar polo retrovisor, en calquera caso aquí estivo sentado o Grupo do Partido Popular en anteriores mandatos desta Corporación, e non recordo nin unha soa intervención, nin unha soa queixa nesta sesión plenaria respecto do mal funcionamento da Deputación, ou de que houbera uns obxectivos totalmente discriminatorios con entidades ou concellos, e se os houbese puidérono dicir porque ninguén lles pechaba a porta de que dixesen o que lles dese a gana, polo tanto, en algo si que se modificou cando un Grupo ten que presentar unha moción, entre outras cousas, porque non se lle facilita esa información. Eu agardo, en todo caso, que se teña en conta a moción e que, cando menos, se chegue ao acordo de facer unha ordenanza. Grazas.

#### Sr. presidente

Pasamos entón á votación por puntos, pero antes, simplemente dicir Sr. Moreda, o que pedía vostede era unha terceira intervención, e de feito fíxoo nun punto que non lle correspondía, e sabe vostede que se le o regulamento interno da Deputación, non é así, as alusións son cando son por temas persoais, por unha alusión persoal, non de argumento, e vostede sempre intenta utilizar calquera intervención para dicir o que cre conveniente, iso non é así, e rógoles nas seguintes ocasións que se ataña ao tema polo cal ten o uso da palabra. Grazas.

Sra. Seixas Naia

Quero facer unha pequena corrección, dime o alcalde de Rianxo que si lle contestaron, dicíndolle que non lle ían publicar o libro, dígoo porque dixen que non se lle contestara a carta que lle enviou o presidente, e si se fixo.

Sr. presidente

Grazas por corrixir as súas propias palabras, que era importante.

Vótase o punto número un:

#### **VOTACION**

Votan a favor: 5 deputados (BNG)  
Votan en contra: 17 deputados (PP)  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Vótase o punto segundo da moción:

#### **VOTACION**

Votan a favor: 14 deputados (5 do BNG e 9 do PSOE)  
Votan en contra: 17 deputados (PP)  
Abstéñense: ningún deputado

Sr. Presidente

Saben vostedes que foron presentadas dúas mocións por urxencia en relación aos prazos duns convenios, se lles parece votamos en primeiro lugar a urxencia destas. É respecto ao mesmo concello, o que pasa é que son dous convenios distintos que tiñan.

#### **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE A MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE NOIA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DOS PROXECTOS DO POLÍGONO IRMÁNS LABARTA CONSISTENTE NA APERTURA DA RÚA PINTOR GENARO CARRERO CARA Á ESTRADA DE BARRO**

Procédese a votar a urxencia que é aprobada por unanimidade e apróbase tamén por unanimidade a seguinte moción:

“Don Manuel Santos Ruiz Rivas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial da Coruña  
Vistos o informe do Servizo de Contratación en que se pon de manifesto que:

Por acordo plenario do 28 de xuño de 2013 aprobouse o texto do convenio co Concello de Noia para o financiamento da realización dos proxectos do polígono Irmáns Labarta consistente na apertura de da Rúa Pintor Genaro Carrero cara á estrada de Barro

No texto do convenio aprobado polo Pleno establécese un prazo de vixencia que abarca desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de outubro de 2013, e por conseguinte, un prazo para terminar as obras e presentar a xustificación ata o 1 de setembro de 2013 (tal e como indican as cláusulas VII E XIII do convenio)

Dado que o convenio non se formalizou eses prazos son de imposible cumprimento polo que se propón:

Autorizar a ampliación do prazo de xustificación ata o 30 de novembro de 2013, e do prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2013.

E visto así mesmo o informe favorable do Servizo de Fiscalización

PROPOÑO AO PLENO, logo da declaración de urxencia conforme os artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Modificar o prazo de vixencia e de xustificación establecido na cláusulas VII e XIII do convenio citado de modo que quedan redactadas como segue:

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos UN MES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Noia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de 15 días (15/12/2013)

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Noia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Noia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2013.**

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Noia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.”

**MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE A MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO CO CONCELLO DE NOIA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DOS PROXECTOS DO POLÍGONO IRMÁNS LABARTA CONSISTENTE NA URBANIZACIÓN EXTERIOR E APERTURA DA RÚA PINTOR GENARO CARRERO**

Procédese a votar a urxencia que é aprobada por unanimidade e apróbase tamén por unanimidade a seguinte moción:

“Don Manuel Santos Ruiz Rivas, portavoz do Grupo Provincial Popular da Deputación provincial da Coruña

Vistos o informe do Servizo de Contratación en que se pon de manifesto que:

Por acordo plenario do 28 de xuño de 2013 aprobouse o texto do convenio co Concello de Noia para o financiamento da realización dos proxectos do polígono Irmáns Labarta consistente na Urbanización Exterior e apertura da rúa Pintor Genaro Carrero

No texto do convenio aprobado polo Pleno establécese un prazo de vixencia que abarca desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de outubro de 2013, e por conseguinte, un prazo para terminar as obras e presentar a xustificación ata o 1 de setembro de 2013 (tal e como indican as cláusulas VII e XIII do convenio)

Dado que o convenio non se formalizou eses prazos son de imposible cumprimento polo que se propón:

Autorizar a ampliación do prazo de xustificación ata o 30 de novembro de 2013, e do prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2013.

E visto así mesmo o informe favorable do Servizo de Fiscalización

PROPOÑO AO PLENO , logo da declaración de urxencia conforme os artigos 71.3 e 65.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Modificar o prazo de vixencia e de xustificación establecido nas cláusulas VII e XIII do convenio citado de modo que queda redactada como segue:

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos UN MES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Noia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de 15 días (15/12/2013)

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación ,a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Noia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da

subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Noia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2013**.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 30 de novembro**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Noia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.”

Sr. Fernández Moreda

Moi brevemente, Sr. presidente, falando destas cousas que falabamos nos puntos anteriores, dicir que no punto número catro aprobamos unha modificación dun convenio porque se aprobou o 31 de xullo, a data de xustificación era o 10 de agosto, e se asinou o 11 de setembro, e agora aprobamos dous convenios que se aprobaron o 31 de xullo, xa rematou a data para a súa xustificación e aínda non se asinaron os convenios. Simplemente este comentario.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Nós o que pedimos é que haxa máis celeridade en toda a tramitación dos convenios porque, xa llo expresei ao presidente e ao Sr. portavoz, nós tamén temos un convenio no Concello de Carballo que está aprobado no Pleno de mes de xullo, a día de hoxe aínda está sen asinar, vémonos na obriga de pedir prórroga para o ano 2014, polo tanto, a ser posible para o vindeiro ano traballar en que se mellore a tramitación destes expedientes.

Sra. Seixas Naia

Unha cousa respecto dunha moción que se presentou e se aprobou por unanimidade no mes de xullo, referente aos afectados e ás afectadas polas participacións subordinadas e preferentes, había unha serie de acordos respecto á Deputación da Coruña no que se lle requiriría á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes continuase coas devolucións íntegras das cantidades estafadas a todos os aforradores da provincia coas participacións preferentes e as obrigas subordinadas e que se no prazo indicado non se producía a devolución aos estafados e ás estafadas, este feito débese ter en conta nas relacións que esta Deputación deba ter con esta entidade bancaria. Era simplemente preguntar se houbo algún tipo de conversas ou algún tipo de relación para que se cumprisen estes acordos. Grazas.

Sr. Presidente

Foron enviados os acordos adoptados tanto ao FROB como ás entidades que se poñía na moción e non lle podo asegurar, non sei se chegou xa a contestación do FROB nese sentido, loxicamente como iso era a posteriori, iremos vendo, pero tan pronto como chegue a contestación do FROB pasámoslle unha copia.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.